

**Os atrancos do sector pecuario galego no contexto da construción do mercado interior español, 1900-1921.**

Antonio Bernárdez Sobreira

Bolseiro Predoutoral, Dpto Historia Contemporánea, USC

INDICE	PAG.
Resumen .....	3
Abstract .....	3
INTRODUCCIÓN .....	4
1. PROBLEMAS NO PROCESO DE CONSTRUCCIÓN DO MERCADO INTERIOR... 8	
1.1. O Deseño das liñas de actuación económica .....	8
1.2. Problemas nos mercados de demanda .....	17
2. O SECTOR PECUARIO GALEGO: PROBLEMAS DE ESPECIALIZACIÓN NO PRIMEIRO TERCIO DO SECULO .....	24
2.1. Sector pecuario e negociación do marco institucional .....	24
2.2. Reivindicacións concretas en torno ó sector cárnico .....	28
CONCLUSIÓNS .....	36
ABREVIATURAS .....	38
BIBLIOGRAFÍA.....	39

## **Resumen**

Este traballo pretende aportar un punto de vista alternativo á tradicional visión de atraso estrutural da economía agraria galega no proceso de adaptación/integración na economía de mercado. Apórtanse elementos relacionados coa negociación do marco institucional no que debía inscribirse o proceso: a tendencia a corporativización das relacións políticas e económicas, a importancia da cuestión arancelaria, os problemas das comunicacións, a articulación dos mercados. Todo elo condúcenos a unha reflexión sobre o papel real que as elites sociais galegas tiveron no proceso de construción do mercado interior/nacional español, así como as súas dificultades, plasmadas nun aparato reivindicativo concreto.

## **Palabras clave**

Mercado Nacional, Grupos de Presión, Corporativismo, Proteccionismo, Crisis Ferroviaria, Mercados de Demanda, Especialización Productiva.

## **Abstract**

This article tries to contribute an alternative point of view to the traditional view of structural backwardness in the Galician agrarian economy, in her process of adaptation/integration in the market economy. It contributes elements relationated with the institutional framework in whichregistered the process: the tendency to corporatism in political and economic relationships, the importance of tariffs, the communications question, the markets articulation. All leaves to a reflection about the real role of the Galician elites in the process of construction of spanish domestic/national market, as well as their troubles represented in concrete reivindications.

## **Key Words**

National Market, Pressure Groups, Corporatism, protectionism, Railway's Crise, Demand markets, Productive Specialization.

## INTRODUCCIÓN

O proceso de especialización do sector agrario galego como abastecedor de produtos pecuarios cara á crecente demanda urbana do mercado interior español no primeiro tercio do século XX, foi obxecto de diversos estudos dende o eido da historiografía económica galega nos últimos 20 anos<sup>1</sup>. A idea predominante que aglutina ós devanditos traballos é a do peso dunha serie de atrancos que estrangularon as posibilidades de desenvolvemento económico dunha agricultura que arrastra graves "rémoras estruturais" (MARTÍNEZ LÓPEZ 1991a: 35), tales como a pervivencia do réxime foral e o cultivo na pequena explotación co emprego do sistema de policultivo-gandería, as cales dificultarían as tentativas de especialización productiva. Neste senso, e a pesares do incremento da demanda de produtos pecuarios en bruto e elaborados que permitiu a reorientación da produción gandeira galega dende os mercados inglés e portugués cara o mercado interior (CARMONA & DE LA PUENTE 1988), o sector primario galego permanecería estancado na exportación de carne bovina en vivo, renunciando ás posibilidades de artellamento dun complexo agroindustrial especializado tal e como sucedeu en Cantabria<sup>2</sup>.

As explicacións polo tanto inclínanse polo predominio dunha serie de factores "endóxenos" derivados das deficiencias dun agro marcado pola permanencia das estruturas tradicionais, fundamentalmente no relativo á cuestión da propiedade, que conducen a baixos niveis de benestar e a un excesivo peso poboacional sobre os recursos, que se vai traducir no uso da emigración como válvula de escape das limitacións do

---

<sup>1</sup> Entre os traballos que poderíamos citar destacámo-los de BARREIRO GIL (1982, 1983 e 1990), CARMONA & DE LA PUENTE (1988), GARCÍA-LOMBARDERO (1979 e 1985a), MARTÍNEZ LÓPEZ (1991a) e VILLARES (1978-80 e 1982). Este último destaca o papel determinante do sector pecuario na consolidación do pequeno campesiñado sobre a terra mercede a unha acumulación de capital facilitada ademais polas remesas da emigración. Para Alonso (1984: 232) esta inversión do capital na liberación das rentas forais cercenou, xunto co proteccionismo español, as posibilidades dun despegue económico baseado na especialización pecuaria.

<sup>2</sup> Segundo Carmona & De La Puente (1988: 205) a gandería galega lograría a "victoria pírrica" da hegemonía en la orientación vacuna menos rentable: la producción de carne, bloqueando posibilidades máis lucrativas de desenvolvemento. Martínez López (1991a: 37) atribúe a opción pola produción cárnica entoutras razóns á conxuntura favorable dos prezos deste produto fronte ós do leite durante boa parte do primeiro tercio do século XX.

complejo económico (BARREIRO GIL 1990: 36)<sup>3</sup>. A economía galega, marcada polo peso excesivo dun sector agrario "atrasado", experimentaría pois un lento proceso de "modernización" caracterizado pola ausencia dunha articulación interna da economía nun proxecto xeral e homoxéneo de crecemento económico (GARCÍA-LOMBARDERO 1985a: 131)<sup>4</sup>. Pola contra, con frecuencia óbvianse os defectos derivados da construción do mercado interior español no referente ó deseño das políticas económicas e á problemática da articulación dos mercados de demanda, cuestión na cal insistían con virulencia os observadores coetáneos<sup>5</sup>. No seguinte traballo imos presentar un modelo interpretativo que, recoñecendo por suposto as eivas estruturais do complexo agrario galego no contexto da reorientación da súa produción pecuaria cara o mercado interior español, incide nunha serie de elementos "esóxenos" como son os derivados das políticas económicas aplicadas dende os centros de decisión (falaremos en concreto das políticas arancelaria e de comunicacións), e os vinculados ás problemáticas concretas dos mercados demandantes. Asímesmo, tentaremos mostra-las dificultades dos diversos sectores involucrados no proceso productivo nas súas tentativas para constituírense en *lobbies* de presión na procura de decisións políticas favorables ó sector (protección arancelaria da carne ou liberdade de comercio nos pensos, apoio a proxectos agroindustriais...). Fronte a visións autárquicas e precapitalistas do agro (BEIRAS 1972: 43-52) optamos pois pola caracterización dun sector primario en "adaptación" ás esixencias derivadas da expansión da economía capitalista

---

<sup>3</sup> Tortella destaca no debate sobre o atraso económico en España a presenza de argumentos explicativos esóxenos (comercio exterior, perda das colonias, capital estranxeiro) e endóxenos (estruturais, político-sociais) (PRADOS DE LA ESCOSURA 1988: 12). Adoptamos ditos termos para distingui-los elementos estruturais e sociopolíticos "autóctonos" dos derivados do desenvolvemento e negociación das políticas económicas por parte do Estado.

<sup>4</sup> *Atraso, o retraso, es un concepto relativo que implica un crecimiento lento del producto real por habitante y un cambio estructural limitado en comparación con otras economías* (PRADOS DE LA ESCOSURA 1988: 24). Pola mesma definición advírtese o carácter subxectivo e polo tanto limitado de dito termo. Neste senso a permanencia de elementos tradicionais non ten pois que ser contemplada *a priori* como un factor indicativo de "atraso" económico, tal e como manifestou Taylor na súa análise do sector lácteo inglés (TAYLOR 1976: 594), a non ser que como afirma Garrabou (1985: 9) partamos de preconceptos orientados á lexitimación dun modelo concreto de "modernización capitalista" que a experiencia histórica se ocupa constantemente de rexeitar.

<sup>5</sup> Por exemplo Barreiro Gil (1982: 107 e ss.) ó analiza-las características do proceso de especialización cárnica incide nas deficiencias estruturais sen cita-los problemas concretos derivados da política arancelaria (carestía dos pensos) ou da política de abastecementos. Unha visión parecida atopamos en García-Lombardero (1985a: 134) e Carmona & De La Puente (1988:198 e ss.).

(FERNÁNDEZ PRIETO 1992) e que por conseguinte é capaz de mobilizar ós diferentes segmentos sociais implicados na defensa dos seus intereses<sup>6</sup>.

Presentamos pois unha argumentación que sostén que o proceso de especialización do sector primario galego supera as explicacións estruturais ó incorporar elementos derivados da interactuación do marco económico co institucional, no relativo á capacidade de negociación para a construción dun contexto adecuado que responda ós obxectivos concretos dos diferentes actores socioeconómicos (GALLEGO 1995: 82)<sup>7</sup>. Da forza deses actores, así como dos intereses concretos que defenden, dependerá a posibilidade de articular un marco favorable ou non para as actividades productivas que desenvolven. Teremos pois que preguntarlle ós produtores, intermediarios e sectores mesocráticos ou burgueses involucrados na comercialización do excedente pecuario galego, se ademais dos factores estruturais non contaron outros aspectos como a posibilidade de defende-lo sector fronte a grupos de presión concretos como o cerealista. Incluso se plantexa a posibilidade de que a actores máis dinámicos, como os intermediarios no comercio de gando en vivo (os afamados "tratantes"), lle convería mante-la explotación pecuaria segundo parámetros máis tradicionais que lles garantían o control sobre os prezos ó produtor<sup>8</sup>.

O marco elixido para a articulación destes argumentos é o período 1900-1921, momento en que se concreta a reorientación do excedente cara o mercado español trala forzada renuncia definitiva ós mercados inglés (anos 90 do século XIX) e portugués (1914). Nestas datas conflúen pois as consecuencias da consolidación do mercado rexional galego (unificado no período 1860-1890) (GARCÍA-LOMBARDERO 1971) e do "mercado

---

<sup>6</sup> Optamos pois pola caracterización que fai Domingo Gallego (1995: 84) do sistema capitalista como dotado de gran flexibilidade *con capacidade no sólo de ordenar sociedades, sino también con posibilidades de adaptarse a las condiciones preexistentes en los distintos espacios sociales en que se desenvuelve (...) con capacidad de integrar en su órbita, de poner en valor, sistemas productivos, institucionales o mentales muy distintos e incluso de integrarlos en un sistema que combina su fragmentación con la integración del conjunto de sus piezas.*

<sup>7</sup> *Las unidades de decisión pueden utilizar su capacidad de trabajo, además de en la producción de bienes y servicios, en modificar la sociedad en la que actúan y su posición dentro de ella* (GALLEGO 1995: 80). Os suxeitos implicados tentarían pois modifica-lo contexto técnico no que actúan, transforma-las redes de provedores e clientes ás que teñen acceso, cambia-la capacidade de negociación fiscal ou o comportamento do Estado no referente ás actividades productivo-comerciais ou ó establecemento de normativas.

<sup>8</sup> Asistiríamos pois a un aproveitamento "eficiente" dos recursos con respecto ás posibilidades de xestión, tal e como sosteñen O'Brien e Toniolo (1991).

nacional" español<sup>9</sup>. Como demostra Jesús Sanz (1985) na súa análise dos efectos da crise cerealícola finisecular, nas últimas décadas do século XIX estaba xa definida a xerarquización rexional no intercambio de produtos, xogando Galicia o papel de importador nato de cereais e exportador do excedente pecuario. Haberá que ter en conta estes aspectos á hora de esboza-lo proceso de negociación de cotas de protección no mercado nacional e os conflitos de intereses entre trigueiros e gandeiros.

Ademais, vai ser moi ilustrativo a seguimento das dislocacións comerciais experimentadas no período 1914-1921 no contexto dunha gran mobilización dos diferentes grupos de presión (DEL REY REGUILLO: 208) pola imposición dos seus intereses e que derivará na consolidación dunha estrutura mercantil concreta que vai perdurar ata a guerra civil, marcada pola pugna de intereses entre produtores, intermediarios e consumidores<sup>10</sup>. De feito, entre 1914 e 1921 prodúcese a quebra da coincidencia de intereses que mantivera o proteccionismo da Restauración, para entrar nunha confrontación entre agrarios e industriais e mesmo no seo dos primeiros (ELORZA et alia 1986)<sup>11</sup>. Será interesante pois observa-los comportamentos dos sectores sociais involucrados na repercusión destes aspectos no país galego. Apelaremos entón ó testimonio dos observadores coetáneos, para o que contamos coa prensa diaria e especializada do momento, aínda que coa prevención crítica necesaria ante este tipo de fontes (BERNAL 1985: 221)<sup>12</sup>. Xunto coas publicacións periódicas contamos tamén coa rica documentación conservada no "fondo Mesta" do Arquivo Histórico Nacional que resulta ben ilustrativa dos comportamentos dos grupos de

---

<sup>9</sup> A unificación do "mercado nacional" consolidaríase na segunda metade do século XIX co desenvolvemento ferroviario e os seus efectos na especialización productiva rexional (SÁNCHEZ ALBORNOZ 1968: 21).

<sup>10</sup> Segundo Serrano Sanz (1989: 136) na Restauración, e mercede ó desenvolvemento das políticas proteccionistas (coherente por outra banda co contexto europeo), imporase o punto de vista do produtor en detrimento dos dereitos dos consumidores. Haberá que matizar que primarán os intereses de determinados sectores productivos (cerealista, industrial, agroexportador) capaces de articular políticamente as súas demandas. Para Palafox (1991) *el poder político de los propietarios y cultivadores agrarios del interior bloqueó, pues, de manera decisiva la obtención de cotas más elevadas de bienestar para la mayor parte de los ciudadanos*.

<sup>11</sup> Por exemplo na cuestión da libre importación do millo entre agricultores e gandeiros (ELORZA et alia 1986: 26).

<sup>12</sup> Antonio M. Bernal ó comenta-las visións dos contemporáneos da crise finisecular afirma o seguinte: *no resulta extraño que a partir de los escritos de los coetáneos, más doctrinarios que reales, fuese tomando cuerpo la hipótesis del estancamiento agrícola español en la etapa decisiva de 1872-1914 y que se pusiera de manifiesto tanto la incapacidad gubernativa para organizar una política agraria coherente con las necesidades del momento, como la ineficacia del sistema productivo*. Os agraristas de distinto signo elaboran pois unha reinterpretación ruralista da Historia que pode asímesmo contaxiar ó investigador que apela a eles como fonte.

presión no contexto da negociación das políticas económicas, no referente en concreto ás actividades da *Asociación General de Ganaderos del Reino* que, en conxunción co agrarismo máis conservador, tentará hexemoniza-los diversos intereses do agro galego involucrados no comercio das reses, derivando en formas concretas de acción colectiva.

## **1. PROBLEMAS NO PROCESO DE CONSTRUCCIÓN DO MERCADO INTERIOR**

### **1.1. O Deseño das liñas de actuación económica**

A principios do século XX a economía española caracterízase polo peso dun sector agrario que está a experimentar un intenso proceso de incremento da súa produtividade mediante a combinación de innovacións técnicas e ampliación do espazo agrícola (GARCÍA DELGADO 1981: 417, GALLEG0 1986), pola presenza dun sector industrial rexionalizado e dependente así como pola preponderancia do problema ferroviario no sector servicios (GARCÍA DELGADO 1981: 418-421). A consolidación do capitalismo industrial en España pasaba pola defensa do mercado interior para os produtos industriais e agrarios, no contexto da integración nun mercado cada vez máis mundializado, aínda a costa de sacrifica-los intereses dos consumidores<sup>13</sup>. Asistiremos entón á pugna dos intereses de industriais e agrarios no deseño das liñas de actuación económica<sup>14</sup>.

Comezaremos por tanto por defini-lo papel dos grupos de presión económica na negociación\imposición do marco institucional, destacando o conflito entre as opcións industrialista e agrarista na definición en concreto do arancel (ELORZA et alia 1986: 25)<sup>15</sup>. Precisamente en torno ó problema arancelario xirará outro dos aspectos a desenvolver, dado

---

<sup>13</sup> *Es la preocupación por asegurar mercados para los productos nacionales, por garantizar la viabilidad de la industria o la agricultura local, que contrasta con la defensa del punto de vista del consumidor, característico, segundo él [refírese a Elli Heckscher e á súa tese da primacía dos intereses dos produtores nas economías mercantilistas] de los liberales, que favorecían el consumo al estimular la competencia* (SERRANO SANZ 1989: 136).

<sup>14</sup> Referímonos en concreto á configuración dunha normativa institucional na que se desenvolverían as actuacións dos suxeitos privados e do Estado, conseguindo un *cierto grado de peculiarización adaptativa del contexto institucional a las necesidades de aquellas unidades de decisión con suficiente capacidad de negociación política y mercantil* (GALLEG0 1995: 38-39).

<sup>15</sup> *La AAE y la AGGR, principales organizaciones patronales agrarias del momento, no dejaron de llamar la atención sobre lo que consideraban un ataque frontal de <<la industria>>, entendida así, en término genérico y abstracto, problema que no se había planteado tan crudamente en las primeras décadas de la Restauración* (ELORZA et alia 1986: 23).



que o período elixido coincide precisamente co aumento dos dereitos aduaneiros trala fase especulativa desencadeada pola primeira guerra mundial<sup>16</sup>, feito por outra banda integrado na reacción proteccionista que se inicia na segunda metade do século XIX e que abrangue á práctica totalidade dos países europeos<sup>17</sup>. A política comercial exterior, en canto que pode condiciona-la opción por determinadas liñas productivas, serviranos para comprende-la problemática concreta dos produtores na Galicia do primeiro tercio, na medida en que dificulta por exemplo o abaratamento dos custos de produción<sup>18</sup> ou restrinxe para os produtos galegos mercados tradicionais como o portugués (ESPIDO 1996). Un último aspecto será a reflexión sobre o problema das comunicacións como factor limitante da consolidación do mercado interior, especialmente a partires da chamada crise ferroviaria desencadeada en 1914 (GÓMEZ MENDOZA 1989: 46 e ss.).

#### *A. O papel dos grupos de presión*

"En España hemos seguido una política económica y de fomento agrícola diametralmente opuesta a Inglaterra, en lugar de combatir los rendimientos escasos del trigo, como se ha hecho allí, aquí, guiados por los grandes propietarios rurales, protegemos los rendimientos con barbechos de 4 o 5 hectólitros, sacrificamos los intereses generales del país a esa agricultura castellana, en la que una familia muere de miseria explotando 30 has" (B.Calderón: "¿Cual es la verdad?", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 30-4-1911).

O texto de Bartolomé Calderón é moi ilustrativo da importancia da articulación dos diversos intereses económicos na pugna por hexemoniza-lo mercado nacional nun contexto de expansión do capitalismo<sup>19</sup>. O corporativismo xurde como unha tendencia dos grupos sociais á organización na defensa colectiva dos seus intereses tanto ante outros sectores sociais como ante o Estado, plasmándose en concreto no funcionamento como grupos de

---

<sup>16</sup> En 1921 elevaranse os dereitos arancelarios para responder ó espectacular incremento dos prezos das mercancías no mercado internacional entre 1913 e 1920 (SERRANO SANZ 1986: 207).

<sup>17</sup> Salvo Gran Bretaña e Holanda, a reacción proteccionista exténdese polo continente europeo en resposta á crise económica, o renacemento dos nacionalismos e o agudizamento da conflictividade social (SERRANO SANZ 1989: 135).

<sup>18</sup> O sector pecuario galego, prexudicado polas restriccións ás importacións de cereal para alimento do gando, beneficiaríase pola contra do peche do mercado español á carne e ó gando en vivo mercede á capacidade negociadora da AGGR (GALLEGO & PINILLA 1996: 389).

<sup>19</sup> Falamos dunha tendencia progresiva ó corporativismo que ademais no agro se traduce no control sobre o pequeno campesiñado por parte das élites organizadas nas AAE e AGGR (ELORZA et alia 1986: 32).

interés na busca da imposición de liñas de desenvolvemento económico concretas (DEL REY REGUILLO 1992: 17 e ss.). Seguiríanse entón unha serie de estratexias que obedecen a obxectivos por unha banda "redistributivos" (obtención de lexislación que canalice os recursos dende os consumidores ós grupos de interés facendo crecer os prezos por riba da competencia) e por outra "políticos" (control dos organismos e institucións políticas encargados de xera-la lexislación redistributiva) (FRAILE 1991: 26). Dito proceso foi definido por Fraile para os intereses industriais como de imposición de condicións oligopolistas a través do equilibrio de forzas entre *lobbies* para extraer rentas redistributivas do Estado (FRAILE 1991: 29).

Nesta tendencia corporativista hai que inscribi-lo peso das organizacións agrarias no deseño das políticas proteccionistas durante a Restauración, tendo en conta que pese á progresiva articulación sociopolítica do pequeno campesiñado, serán as organizacións "patronais" as que impoñan as condicións institucionais no agro. A "Asociación de Ganaderos del Reino"<sup>20</sup> e a de "Agricultores de España"<sup>21</sup> aproveitan a súa representación nos organismos oficiais para lograr importantes niveis de protección tanto para os intereses cerealistas como para os pecuarios (DEL REY REGUILLO 1992: 74-75)<sup>22</sup>. A combinación dos cargos oficiais coa defensa da posición dun colectivo, mediatizará constantemente as actuacións gubernamentais. Dase o caso, por exemplo, de que no intre en que se debate a municipalización ou liberación do abastecemento de carnes en Madrid, auténtico problema político que vén xerando unha intensa conflictividade dende primeiros de século, o Gobernador Civil da provincia, e polo tanto responsable da Comisión Especial encargada do tema, será o "Marqués de la Frontera", secretario da AGGR e firme partidario da municipalización coa eliminación dos intermediarios<sup>23</sup>. Polo tanto, o proceso de

---

<sup>20</sup> A "Asociación de Ganaderos del Reino" era a herdeira do Honrado Concello da Mesta. Declarada Sindicato Agrícola en 1914 posuía un dobre carácter "oficial" (delegación gubernamental) e "privado" (defensa dos intereses pecuarios). Representaba fundamentalmente ós grandes propietarios da España seca aínda que contaba con fortes apoios na gandería cantábrica (fundamentalmente Santander e Asturias) e Cataluña (CABRERA, 1983: 60).

<sup>21</sup> Nacida en 1880 por iniciativa da "Asociación de Ingenieros Agrónomos", agrupa a propietarios e técnicos na defensa dos intereses cerealícolas (CABRERA, 1983: 62).

<sup>22</sup> As organizacións patronais agrarias terían representación no "Instituto de Reformas Sociales", "Junta de Aranceles y Valoraciones", "Junta Central de Abastos", etc., así como contarían entre as súas filas con senadores, deputados, gobernadores civís e incluso ministros (DEL REY REGUILLO 1992: 75). En Elorza et alia (1986: 32) se caracteriza a estas organizacións baixo o término de "gubernamentalismo notorio" que en ningún momento cuestiona o sistema.

<sup>23</sup> Ayuntamiento de Madrid, *Antecedentes relacionados con el problema de las carnes en Madrid para determinar el régimen y organización de servicios del nuevo matadero*, Madrid: Imprenta Municipal, 1922.

negociación do marco institucional xeraba necesariamente conflitos de intereses solventados segundo o equilibrio das forzas en pugna. Este carácter patrimonialista do proceso de toma de decisións políticas, era esgrimido críticamente polos gremios das carnes madrileños para censura-lo peso da AGGR nos proxectos de reestructuración do mercado da capital:

"Tenía por principal finalidade, [refírese ó RD de 6 de Abril de 1905 que establecía a conveniencia do arrendo dos macelos] no disimulada, enseñorear en los mataderos, singularmente en los más importantes, a la AGGR. De haber subsistido esa disposición, actualmente nadie podría disputarle a la Asociación mencionada el privilegio del arriendo que el municipio propone en esta base de su cuestión"<sup>24</sup>.

Hai que precisar que a tendencia á corporativización non vai supor necesariamente a defensa global dun determinado sector económico. Os gandeiros galegos vense prexudicados en determinados contextos polas decisións que a mencionada organización pecuaria pretende impor<sup>25</sup>. Bartolomé Calderón queixábase de que as pretensións dos "ganaderos toreros" (en referencia á hexemonía dos criadores de reses bravas do centro e sur), nos seus intentos por establecérense como abastecedores directos dos mercados urbanos, danaban á gandería do norte ó buscar un auténtico réxime de monopolio *con todos los medios de opresión y de injusticia*<sup>26</sup>. Como sinala Martínez López (1991b: 389) a presenza dun mercado gandeiro complexo e voluminoso e sustentador dun "excesivo" número de intermediarios agrupados en diversas asociacións (tratantes, abastecedores ou carniceiros) condeaba ó pequeno gandeiro a un estado de indefensión potenciado polo

---

<sup>24</sup> Informe que en respuesta al cuestionario formulado por la Comisión nombrada por el Exc. Ayuntamiento de Madrid para estudiar el régimen y reglamento del nuevo matadero, emiten los presidentes de las Cooperativas de Abasto de Carnes de esta corte <<La Unión>> y <<La Radical>>, el presidente de la <<Sociedad General de Salchicheros>>, el de la sociedad <<Gremio de Salchicheros>> y de la <<Asociación de los Gremios de Carnes de Madrid>>, el de la <<Sociedad de Ternereros>>, el de la <<Juventud de Industriales de carnes>>, el de la <<Sociedad de Casqueros>>, y los Síndicos Presidentes de los Gremios de Tablajeros y de Salchicheros de Madrid, todos en su nombre y en el de las entidades que representan, y que constituyen la totalidad de los expendedores de carnes frescas y saladas de la capital, Madrid: Imprenta Comercial, 1920.

<sup>25</sup> Precisamente Del Rey Reguillo (1992: 75) sinala como puntos débiles da AGGR (e da patronal agraria por extensión) a disparidade do seu cimento social, o individualismo e as rivalidades entre produtores, e a diversidade das economías rurais.

<sup>26</sup> Bartolomé Calderón: "Un peligro para la riqueza pecuaria del Norte de España", *Prácticas Modernas*, n1 48, 15 decembro 1904, páx.281. En 1909, no proxecto de constitución dunha Sociedade de Abasto de Carnes xestionada pola AGGR, o capital previsto de 479.500 ptas repartiríase entre 48 accionistas madrileños e 94 distribuídos entre as dúas Castelas, Extremadura e Andalucía (con presenza testemuñal de escasos accionistas asturiáns e leoneses). A Sociedade pois obedecía ós intereses dos grandes criadores de bovino, ovino e porcino dos barbeitos e devesas da España seca. **AHN**, Fondo "MESTA", Leg. 1161\2.

predominio dos intereses dos máis poderosos nas asociacións pecuarias. Esta cuestión deberá terse en conta para comprende-lo proceso de negociación do arancel e as súas repercusións na economía galega.

### *B. Proteccionismo e mercado exterior*

A cuestión arancelaria convírtese no período 1900-1936 nun asunto esencial de debate no deseño da política económica, dentro dun contexto de identificación dos intereses corporativos cos da Nación (DEL REY REGUILLO 1992: 213)<sup>27</sup>. García delgado (1984: 119-123) sinala como detonantes da reacción proteccionista das últimas décadas do XIX a crise trigueira, as dificultades do textil e a siderurxia, e a crise da hulla asturiana, destacando o papel das asociacións como vehículo das reivindicacións arancelarias (GARCÍA DELGADO 1984: 125). Configúrase pois unha economía de tendencias autárquicas con tres tipos básicos de disposicións centradas na protección fronte ó exterior, o estímulo da produción nacional e un crecente intervencionismo estatal (id.: 131). Estas cuestións afectan ós distintos sectores económicos na medida en que o comercio exterior constitúe un estímulo para o establecemento de determinadas liñas de especialización productiva e por conseguinte para iniciar procesos de incremento da produtividade e cambio técnico (PINILLA 1995: 170). Neste senso, o desenvolvemento de políticas proteccionistas é considerado con frecuencia como un freo para as transformacións dos sectores protexidos que atopan na restricción da competencia as condicións favorables para mante-la súa falla de competitividade (PALAFOX 1986: 182). Nembargante, nos últimos anos cuestiónase esa correlación protección\atraso para sinala-la coherencia das políticas arancelarias nun contexto de xeralizado replegue en sí mesmos dos mercados nacionais<sup>28</sup>.

Serían pois lóxicas as políticas de protección tendentes a lima-los custos sociais derivados dunha política librecambista que podería desencadear procesos agudizados de

---

<sup>27</sup> *Los diferentes grupos, sean industriales, mercantiles, agrícolas, etc., coinciden todos en identificar sus particulares intereses con los de la nación. De ahí se parte para presentar unas reivindicaciones arancelarias concretas como las mejores para todo el país* (DEL REY REGUILLO 1992: 213).

conflictividade polas carencias dunha economía profundamente dependente (GALLEGO & PINILLA 1996: 393)<sup>29</sup>. Hai que ter en conta por outra banda que o arancel non implicaba o illamento económico senón que se trataba dun instrumento de negociación cos mercados exteriores na procura da consolidación dos mesmos, como demostra a figura da dobre columna (SERRANO 1989: 138)<sup>30</sup>. En definitiva, abordamo-la figura do arancel como un instrumento que serviu para potenciar a determinados sectores económicos e, dende esta óptica, comprende-lo peso da economía galega nos deseños proteccionistas.

Haberá que determina-la medida en que a economía galega se beneficia ou non do arancel nun contexto de crecemento do mercado interior e reserva do mesmo para a produción propia (PINILLA 1995: 159). No caso dos produtos pecuarios, a conxuntura 1891-1920 presenta dous momentos diferenciados. Por unha banda, entre 1891 e 1913 prodúcese un incremento da importación e exportación de animais vivos<sup>31</sup> (o que se pode relacionar coa vixencia do tratado de comercio con Portugal), pasando no período 1914-1920 a unha caída abrumadora das exportacións e á diferenciación das importacións entre o mantemento das importacións de carnes e a caída dos animais vivos<sup>32</sup>. Estas variacións no comercio exterior inflúen destacadamente na produción galega, xa que si hacia 1914 estaban xa configurados os seus principais mercados consumidores entre as cidades españolas e Portugal, a partires desa data deberase centra-la produción no abastecemento

---

<sup>28</sup> Serrano Sanz (1989: 149) sinala por exemplo que a protección sobre o trigo non impediu a modernización técnica e o incremento da produción. García-Lombardero (1985b: 192) destaca ademais que o arancel de 1891 non evita unha tendencia transformadora cara a integración da gandería e os cultivos que implicou cambios nas técnicas e na orientación dos cultivos. Contrastan estas teses coa tradicional sostida entroutros por Tortella (1985: 145) que incide especialmente sobre aspectos negativos como o papel do Estado como factor de atraso económico.

<sup>29</sup> Insisten estes autores na debilidade do sector exportador español que facía inviable o financiamento dunha política liberalizada de importacións, avisando ademais da tentación de atribuir ás políticas arancelarias as responsabilidades derivadas de defectos estruturais (GALLEGO & PINILLA 1996: 393). Halpern Pereira (1984: 66) destaca por exemplo os efectos negativos que a dependencia exterior provoca no modelo de desenvolvemento económico elixido por Portugal, moito menos restrictivo coa defensa do mercado interior.

<sup>30</sup> A dobre columna consistía na combinación de dúas tarifas segundo a existencia ou non dun tratado de comercio, constituíndose en "materia prima" para a negociación dos mesmos (SERRANO 1989: 138).

<sup>31</sup> Segundo datos de Pinilla (1995: 160-161) en 1891-1913 o peso das importacións de animais vivos sobre o total sería dun 6,1% en contraste co 2,7% do período 1870-1890. As exportacións dos mesmos subiría dun 3,5% a un 5%. En canto ás importacións de carnes baixarían levemente o seu peso dun 6% a un 5,7%.

<sup>32</sup> As exportacións de animais vivos caerían dun 5% a un 0,9%, feito relacionable co peche do mercado portugués e cos impedimentos ás exportacións pecuarias na conxuntura da guerra europea. As importacións varían entre a caída dos animais en vivo (de 6,1% a 1,6%) e o lixeiro mantemento das carnes (de 5,7% a 4,1%) (PINILLA 1995: 160-161).

do mercado interior<sup>33</sup>. A perda do mercado portugués supón pois o cercenamento dun proceso de complementariedade interrexional consolidado nos anos da exportación a Inglaterra e fortalecido co tratado de 1893-1913 (ESPIDO 1996)<sup>34</sup> e a reorientación definitiva cara un só mercado, o interior, cos efectos derivados da concentración da demanda nun mercado donde os niveis de consumo eran todavía baixos pese ó proceso de crecemento urbana, ó que se unían as deficiencias das estruturas comerciais.

"¿En dónde está la población española que puede consumir hoy esos 29.000 bueyes que vendemos a Portugal sin rebajar el 30% el precio de la carne? Dado el estado escandaloso en que se encuentra en España el comercio de reses y los mataderos públicos, esa rebaja no puede producirse a costa de otra de 40 o 50 sobre las reses, es decir, que los ganaderos españoles que crían hoy ganado vacuno en estabulación tendrán que resignarse a perder el 25% o más del valor que les cuesta producir sus animales" (B. Calderón: "El comercio exterior del ganado vacuno en España y el arancel", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 22-3-1906).

A cuestión arancelaria afectaba ademais ás posibilidades de abaratamento dos medios de produción, tal e como se defendía nas assembleas agrarias galegas ou dende os círculos galeguistas, de aí o enfrentamento de intereses cos trigueiros casteláns e coa súa oposición á libre importación do millo<sup>35</sup>. Convértese entón nun pilar esencial na negociación do marco institucional, e no deseño das liñas productivas a seguir, e nun elemento de presión para as aspiracións corporativistas, con implicacións ineludibles para produtores e consumidores. Aínda así, hai que contar como variable coas medidas de devaluación da peseta, que ben poderían influir máis de preto na carestía dos pensos importados (BARCIELA et alia, 1996: 54).

---

<sup>33</sup> Rof Codina sinalaba en 1915 que a produción pecuaria galega se repartía entre Madrid (bois e vacas cebadas de Pontevedra e A Coruña), Barcelona (tenreiras e vacas de Lugo e Ourense), Zaragoza (ovino) e Portugal (tenreiras de Lugo e bois cebados de Ourense e Pontevedra). Vid. Rof Codina: "Galicia Pecuaria. La exportación de ganado vacuno. Necesidad de autorizarle hasta un límite prudencial", *La Voz de Galicia*, 31-1-1915. De feito, Portugal verase afectado polas restricións derivadas do fin do tratado de comercio con España. Vid. Rof Codina: "Galicia Pecuaria. Portugal autoriza la libre entrada del ganado español", *La Industria Pecuaria*, 1-2-1914.

<sup>34</sup> Estes efectos das relacións con Portugal non eran apreciados por tratadistas da época que criticaban o *Zollverein* peninsular e avogaban por tratados máis ventaxosos coas nacións latinoamericanas por exemplo, vid. Francisco Espinosa: "La unión aduanera con Portugal", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 7-5-1910. Unha visión da complementariedade galaico-portuguesa no sector pecuario pódese ver en Halpern (1983: 108).

<sup>35</sup> Con motivo da posta en marcha do arancel Cambó (1922) dende a revista *Nós* cuestionábase con dureza o papel duns trigueiros que renunciaban á produtividade polo mantemento dos seus privilexios, "Politéca arancelaria", *Nós*, 20-4-1922.

"Si en España la carne resulta un alimento de lujo, es por culpa de los ganaderos, dicen los carniceros y el municipio de Madrid; por lo tanto, suprimiendo a los ganaderos gallegos el derecho de vender sus bueyes donde puedan y dejando la entrada libre al ganado vacuno extranjero, es indudable que los productos de carne españoles, tendrán que buscar cartas de recomendación muy eficaces para conseguir que la Sociedad de carniceros y el municipio de Madrid compren las reses españolas *al precio que estas corporaciones quieran fijar*" (B.Calderón: "La cuestión de la carne", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 7-10-1910).

### *C. O problema das comunicacións*

Xunto co corporativismo e a protección do mercado exterior, un terceiro aspecto a ter en conta dentro da problemática da consolidación do mercado interior a primeiros do século XX é o das comunicacións, en especial no referente ó ferrocarril. O papel do "cabalo de vapor" debería ser de integración das diferentes economías rexionais ó consolida-lo intercambio de produtos. Fronte a iso, dende a obra pioneira de Nadal (1975: 47-50) véñse cuestionando o carácter radial do trazado e a deficiente organización das compañías xestionadoras, o cal devenía en crecentes dificultades para a integración económica (TORTELLA 1981: 113)<sup>36</sup>. O problema dos trazados podería adquirir importancia manifesta na medida en que cercena posibilidades de complementariedade de economías especializadas, tal e como suxería Valeriano Villanueva coas posibilidades de aproveitar os residuos do ferro das áreas siderúrxicas para a fertilización do complexo agro-gandeiro<sup>37</sup>. Nembargante, a preeminencia dos mercados madrileño e barcelonés como demandantes dos produtos galegos, lévanos necesariamente a presentar outro tipo de impedimentos máis determinantes.

As deficiencias das compañías ferroviarias serán postas de manifesto pola guerra europea, debido á intensificación do tráfico de mercancías (GÓMEZ MENDOZA 1989: 46) e ós problemas para asegura-lo suministro de repostos e combustible. O chamado

---

<sup>36</sup> Tortella sinala a incoherencia dun trazado que deixaba en segundo plano precisamente ás áreas máis dinámicas como son as da periferia costeira. De tódolos xeitos, e como sinala Gómez Mendoza (1985: 104), non se cuestiona o innegable papel do ferrocarril no aseguramento dos fluxos de persoas e mercancías e polo tanto na integración do mercado nacional, aínda que con deficiencias.

<sup>37</sup> V.Villanueva: "Agricultura", in Carreras y Candi: *Geografía general del Reino de Galicia*, Barcelona: Alberto Martín, 1936, pág.158. O proxecto en cuestión data dos anos 20 e integraría un futuro complexo siderúrxico en Ponferrada coa agricultura galega mediante un ferrocarril que uniría dita localidade con Ribadeo.

"problema ferroviario" ocupará nesas datas un lugar central habida conta do desabastecemento crecente do mercado interior, a subida das tarifas e a conseguinte carestía dos produtos básicos<sup>38</sup>. De feito dende 1919\21 será necesaria a intervención progresiva dos gobernos na asunción dos incrementos dos gastos do sector (id.: 49). Así, e despois do período de relativa estabilidade dos transportes por ferrocarril correspondente ós primeiros catorce anos do século, entre 1914 e 1920 experimentábase un malestar crecente que provoca as reaccións dos diversos actores económicos (DEL REY REGUILLO 1992: 252 e ss.).

"Si la carestía de los transportes no puede considerarse como causa única del malestar agrícola de nuestro país, y si tampoco puede negarse la fuerza legal de las concesiones en que las empresas se atrincheran, es indiscutible que influyen poderosamente los elevados precios de las tarifas en la crítica situación en que se encuentra la agricultura y la ganadería, y que al Gobierno no le faltan medios, más o menos directos, para lograr de las Compañías las modificaciones que necesariamente reclama la pública opinión"<sup>39</sup>.

A relación entre os problemas de transporte e a carestía da vida levou a intervencións gubernamentais sobre as tarifas a través de medidas como as contempladas pola lei de subsistencias de novembro de 1916, que tiña *entre outras la facultad de imponer a las compañías ferroviarias que hubiesen sido subvencionadas por el Estado las rebajas de tarifas que se estimasen necesarias para contener la subida de las subsistencias, y, en el caso de las restantes compañías, para negociar un acuerdo sobre la base de una futura indemnización monetaria* (ARTOLA 1978: 410).

O problema ferroviario manifestaba unha última vertente relacionada coas dificultades materiais das compañías para asegura-las condicións de rapidez e calidade do transporte. Os tratadistas agrarios por exemplo insisten dende primeiros de século na resolución dos acusados danos que o transporte causaba nas reses transportadas, debido ás

---

<sup>38</sup> *La carestía de los alimentos forzó a su vez elevaciones de los salarios del personal de las compañías, el otro gran componente de la cuenta de explotación. Ante el encarecimiento de sus principales factores de producción -mano de obra y combustible- y ante la negativa gubernamental a autorizar su traslación a los usuarios bajo la forma de tarifas más elevadas, las compañías se mostraron incapaces de absorber los aumentos de gastos a través de mejoras en la productividad* (GÓMEZ MENDOZA 1989: 48).

<sup>39</sup> "El problema de las subsistencias. Informe de la Asociación General de Ganaderos", *La Industria Pecuaria*, 10-10-1910. O texto é anterior ó período que Del Rey Reguillo califica de "caos ferroviario", pero ilustra a conflictividade suscitada en torno ó sector. No Arquivo Histórico Nacional, Leg. 1152\1, fondo MESTA, consérvase abondosa documentación acerca do proceso de negociación das tarifas en 1919, con intervención das compañías e da AGGR.



perdas de peso, o que redundaba en perxuízos económicos para os produtores<sup>40</sup>. En momentos de recesión como a crise da postguerra europea, a incapacidade dos ferrocarrís para libera-los *stocks* os convertirá no obxecto das iras dos produtores.

"Son muchos cientos de reses vacunas las que esperan en las cuadras de los paradores de La Coruña y otros pueblos de la provincia a que haya vagones para poder embarcarlos. Y como esto aumenta los gastos de los que se dedican a este negocio y al mismo tiempo el ganado pierde de peso por las condiciones en que está guardado, los tratantes a no comprar en las ferias o a pagar prezos más bajos, con lo cual el perjudicado sería el labrador" ("El transporte de ganado", *Boletín de la Federación Católico-Agraria de Santiago*, 1-1-1919).

Pese á conflictividade crecente e ós problemas do transporte, o papel xogado polo ferrocarril como *elemento homogeneizador de la estructura comercial de la ganadería en el mercado interior peninsular* (VIDAL OLIVARES 1990: 217) é innegable, na medida en que motivou procesos de acumulación de capital de consecuencias evidentes na transformación das estruturas socioeconómicas<sup>41</sup>.

## **1.2. Problemas nos mercados de demanda**

### *A. Problemática dos mercados urbanos no primeiro tercio do século*

Os mercados urbanos xogan historicamente un papel esencial na transformación do sector agrario como oferente de produtos básicos para a alimentación (JIMÉNEZ BLANCO 1986a: 69) na medida en que se propicia un aumento da demanda mercede ó crecemento poboacional, ó aumento da renda e ós cambios culturais e alimenticios (id.: 70-

---

<sup>40</sup> Así por exemplo, Rof Codina insistía na necesidade de promociona-lo uso do camiión ata as estacións ferroviarias e o transporte de carnes mortas en vagóns frigoríficos, o que viña relacionado coa reivindicación dos matadoiros industriais, vid. Rof Codina: *Problemas de la Ganadería Española. Abastecimiento de carnes y organización racional de los Concursos de Ganado en Galicia*, A Coruña: Garcybarra, 1920, páx.80 e ss. Na Asamblea Agraria de Monforte ocupará un lugar privilexiado a discusión sobre a velocidade do tren gandeiro, as tarifas e as condicións hixiénicas de transporte, Rof Codina: "La Asamblea Agraria Gallega. Adelantando trabajos", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 15-11-1911.

<sup>41</sup> Neste senso, os fondos procedentes do comercio do gando co mercado interior fortaleceron a posición do labrego sobre a terra consolidando a súa propietarización (VILLARES 1982: 375 e ss.). Un bo exemplo de proceso de especialización potenciado polo ferrocarril pódese ver en De la Puente (1992: 54).

82). Martínez López (1989: 132) atribúe a un déficit crónico de carne do mercado español as posibilidades de penetración do excedente galego que ademais ían propiciadas pola maior baratura fronte os productos asturiáns ou cántabros (CARMONA & DE LA PUENTE 1988: 203). Por outra banda, a febleza dos mercados urbanos galegos propiciaba a extracción maioritaria do excedente cara o exterior<sup>42</sup>.

No período escollido pódense seguir unha serie de fases na evolución do consumo, que servirán para comprender a evolución da conxuntura do sector pecuario-exportador (GÓMEZ MENDOZA & SIMPSON 1988: 73)<sup>43</sup>: 1900-1909, co incremento do consumo por habitante, 1910-1918 coa caída sostida da taxa debido ós crecentes problemas de desabastecemento e subida de prezos ó consumo, e 1919-1924 con estabilización en torno ós niveis de 1914. Esta evolución contrasta cunha oferta cárnica en ascenso dende finais do século XIX e acelerada nos anos da guerra europea (MARTÍNEZ LÓPEZ 1995). Temos pois un primeiro problema para o sector pecuario no desfase entre a oferta en ascenso e unha demanda que para o período 1914-1924 se pode calificar de "estancada", ó que se une o escaso papel do sector cárnico na exportación, e polo tanto a súa dependencia do mercado interior. Xunto con este problema, a articulación do mercado provocaba o conflito entre uns prezos ó produtor escasamente remuneradores e a carestía dos prezos sobre o consumidor<sup>44</sup>.

Precisamente a presenza dunha tupida rede de intermediarios no abasto de carnes ós mercados urbanos, vai ser un constante foco de tensións nos primeiros anos do século, especialmente naquelas conxunturas nas que os prezos ó produtor experimenten caídas ou

---

<sup>42</sup> Rof Codina: *La ganadería como riqueza y factor de bienestar social*, León: Imp. de "La Democracia", 1914. De tódolos xeitos, o crecente interese dos concellos urbanos galegos pola reglamentación e organización dos seus mercados de abasto, xunto coa conflictividade en torno ó sector, mostran a importancia do problema do abastecemento. No Concello de Vigo en 1919 acusábase *la mucha escasez de ganado por la mucha exportación para los demás pueblos de la península y extranjeros* ("Expediente formado a instancia de los tablajeros para fijar la tarifa de prezos de las carnes de vaca y ternera", *AMV*, Leg. Ab-com-14).

<sup>43</sup> A periodización destes autores está elaborada para o mercado madrileño, pero é representativa do consumo urbana no primeiro tercio do século na medida en que se refire a conxunturas económicas ben definidas.

<sup>44</sup> B. Calderón sinalaba que en Madrid e Barcelona se pagaban as carnes a un precio superior ás das principais capitais europeas, contrastando coa caída dos prezos nas rexións produtoras. B. Calderón: "La cuestión de las carnes", *Prácticas Modernas*, 15-12-1904. Cando Martínez López (1991a: 37) fala da conxuntura favorable das cotizacións da carne, refírese ós prezos nos mercados urbanos, pasando por alto que o intercambio entre produtor e intermediario se realizaba fundamentalmente nas feiras, correspondendo en boa parte os prezos nos mercados de consumo ós pagados ós tratantes e abastecedores. Así se explica a obsesión polo establecemento de redes de abastecemento directo polas organizacións agrarias.

estancamento. Os tratantes, comisionistas e abastecedores<sup>45</sup>, participaban ademais dunha serie de condicións favorables que lles permitían extraer do produto pecuario os beneficios derivados dos desposos e dos coiros, obtendo un produto extra que se lle negaba ós produtores<sup>46</sup>, e controlaban as operacións de compra e venda gravando *con discrecional arbitrio los productos de primera necesidad, con gabelas y descuentos tan ilegales, como incalculables e ineludibles, para el consumidor y el productor*<sup>47</sup>. Hai que enmarcar estas críticas nun contexto de conflictividade **corporativa** no que tamén entraban os carniceiros e comerciantes de carnes saladas, co trasfondo do reparto dos beneficios do produto pecuario.

Resulta especialmente ilustrativa a conxuntura do período 1914-1919 para comprende-la conflictividade suscitada en torno ó abastecemento de carnes ós mercados urbanos, tendo en conta que a coincidencia dos problemas de transporte (pola crise ferroviaria e as folgas do sector) cos movementos especulativos suscitados pola conxuntura bélica, vai conducir a unha situación de desabastecemento e carestía das subsistencias que terá repercusións mesmo nunha lexislación reguladora e intervencionista sobre os prezos<sup>48</sup>.

"Las alteraciones del mercado interior no se deben a la ley de la oferta y la demanda, sino a la habilidad de quien se apodera de la mercancía y eleva su precio con ofertas basadas en el propósito de sacar lo adquirido de España, sea por la puerta que fuera. De otro modo no se comprendería que no habiendo aumentado la demanda consumidora del país y no habiendo disminuído la productora del suelo patrio, se advierta escasez de

---

<sup>45</sup> Nun informe confidencial remitido á secretaria da AGGR en 1919 sobre o mercado de Barcelona, aludíase ás seguintes categorías: **tratantes** que actúan nas feiras como mercadores do produto que remiten ós centros urbanos, **comisionistas** que representan ós intereses dos grandes abastecedores nos mercados produtores e **abastecedores** que se convirten nos principais suministradores dos carniceiros (AHN, Fondo Mesta, Leg.1266/2). A AGGR sinalaba na súa memoria de 1921 as dificultades do produtor na negociación con esta rede que controlaba os mercados demandantes (*Memoria presentada por la presidencia de la Asociación General de Ganaderos a las Juntas generales celebradas en abril de 1921*, Madrid, 1921, páx.78).

<sup>46</sup> Así por exemplo se destaca en Rof Codina: *Problemas de la ganadería. Abastecimiento de carnes y organización racional de los concursos de ganado en Galicia*, A Coruña: Garcybarra, 1920.

<sup>47</sup> *Estudio presentado al Exm. Sr. Alcalde Presidente por el Exm. Sr. D.Joaquín Sánchez de Toca con las bases para formar una cooperativa de abasto y consumo de carnes*, Madrid: Imp.Municipal, 1912.

<sup>48</sup> A intervención reguladora sobre os prezos é unha constante nos primeiros anos do século a niveis municipais, como demostra o establecemento de "carnicerías reguladoras" en intres de carestía. Así se pode comprobar nos fondos municipais dos arquivos de Vigo e Universitario de Santiago.

algunos productos y tengan todos un tipo de venta superior al que en años de mala cosecha hubieran alcanzado"<sup>49</sup>.

Aínda que o problema da carestía das subsistencias non é privativo do período 1914-19, si é sintomática a aceleración da conflictividade derivada. Únense ós problemas crónicos derivados da articulación do mercado, a crise ferroviaria<sup>50</sup> e a intervención sobre os prezos e movementos comerciais polas sucesivas leis de subsistencias<sup>51</sup>. Incidíase así nunha serie de deficiencias previas que a conxuntura bélica agudiza ata xerar unha conflictividade difícilmente tolerable<sup>52</sup>.

"La carne sigue siendo para la mayoría de los españoles un artículo de lujo, sin que los ganaderos, los que producen las reses, tengan la menor culpa de ello (...) el precio alto sigue lo mismo cuando lo está el del ganado vivo que cuando descendió, y el consumidor culpa de ello a los ganaderos, cuando los verdaderos responsables son los tres o cuatro abastecedores que monopolizan en Madrid el abasto de carne, de pieles y de despojos, ante la indiferencia de un Ayuntamiento que jamás impuso su autoridad ni normalizó un servicio, puramente municipal, que de modo tan directo afecta al público" ("El ganado y el abasto de carnes", *La Industria Pecuaria*, 1-10-1921)<sup>53</sup>.

---

<sup>49</sup> *Exposición que el Círculo de la Unión Mercantil e Industrial eleva al Excm. Sr. Presidente del Consejo de Ministros, en demanda de medidas de gobierno que garanticen el ejercicio del Comercio y que resuelva el problema de las Subsistencias*, Madrid: Imp.José Poveda, 1917.

<sup>50</sup> *En cuanto la Corporación Municipal, que tiene el honor de representar uno de los suscritos, se enteró de que, por la elevación de las tarifas ferroviarias, iba a producirse una alza en el precio de las carnes, dispuso la práctica de las gestiones necesarias para conseguir que se deje sin efecto aquella elevación, o que, de lo contrario, se faciliten a los abastecedores de ganado medios o compensaciones que les permitan mantener en el mercado barcelonés los actuales prezos* (Carta do concello barcelonés a Fomento, 13-1-1919, **AHN**, Fondo Mesta, Leg.1152\1).

<sup>51</sup> *El criterio que esta Asociación viene sustentando desde el primer momento en circulación de ganados dentro de la península es el de que es una necesidad que el gobierno revoque de una manera absoluta y determinante las disposiciones dictadas poniendo trabas al tráfico interprovincial de ganados sin perjuicio de que se adopten en las fronteras aquellas medidas que juzguen pertinentes para evitar el contrabando* (Carta do "Marqués de la Frontera" á Xunta Provincial de Gandeiros de Sevilla, 8-7-1920, **AHN**, Fondo Mesta, Leg.1152\1). Considerábase dende a AGGR que as disposicións para evita-la saída de gando, habida conta da carestía nos mercados consumidores, desarticulaban as economías rexionais poñendo en graves apretos ós grupos produtores. Gómez Mendoza e Simpson (1988: 83) falan para este período dun enfrontamento do goberno coa AGGR pola cuestión do desabastecemento dos mercados.

<sup>52</sup> Así o reflexaba por exemplo a prensa madrileña do intre cando se facía eco das suspensións de matanzas por parte dos carniceros afectados pola política de taxas, das peticións de importacións de carnes conxeladas ou das reunións intersectoriais entre a alcaldía, abastecedores e carniceros. Vid. "El Imparcial" e "El debate" marzo-abril 1919.

<sup>53</sup> A influencia dos grandes abastecedores chegaba ós mercados produtores a través de comisionistas que propagaban rumores, aproveitando a desinformación sobre as cotizacións dos mercados demandantes, alterando por conseguinte os prezos (*La Industria Pecuaria*, 1-10-1921). As constantes reclamacións da instalación de básculas nas feiras e da publicación das cotizacións se insertan nesta conflictividade en torno ós prezos ó produtor.

Os problemas do consumo nas grandes poboacións xeraron dende finais do século XIX unha intensa actividade lexislativa destiñada á regulamentación das operacións comerciais así como a garanti-lo control sanitario e hixiénico das operacións de sacrificio e venda<sup>54</sup>. Deste xeito, na R.O. de 6 de abril de 1905<sup>55</sup> quedaban contemplados os principais problemas do sector:

- Necesidade de construción de matadoiros axeitados nas poboacións maiores de 10.000 habitantes (art.11).
- Instalación de básculas para o regulamento das transaccións (art.51).
- Establecemento de vagóns frigoríficos para o transporte de carnes mortas (art.71).
- Inspección veterinaria (art.121) incluída nun aspecto máis amplo de creación de comisións que se ocupen do control e seguimento do proceso comercial.

A conflictividade suscitada en torno á construción do novo matadoiro madrileño será especialmente ilustrativa das trabas dun sistema comercial que repercutiría como factor limitante da integración da explotación pecuaria galega na economía de mercado<sup>56</sup>.

#### *B. O caso do mercado madrileño*

---

<sup>54</sup> *El problema de la carne tiene sus vicios y no desaparecerán mientras subsista el régimen y el local de la actual casa-matadero. Hace años que vienen luchando las autoridades y el Gobierno, ayudados con la simpatía de la AGGR, por establecer un régimen que podríamos llamar de puerta abierta, y es lo cierto que hallándose acaparadas en determinadas manos las industrias derivadas de la matanza y el transporte; y organizados en bloques o <<trust>> los expendedores, se hace imposible no sólo el libre acceso al consumo público, del ganadero, y la industria sumaria del tablajero individualmente o por su cuenta sin intermediarios, sino la acción más insignificante del municipio, cual lo prueban las numerosas tentativas frustradas de regulación de este tráfico* ("Expediente relativo a proyecto del Exm. Ayuntamiento sobre municipalización del abasto de carnes y creación de la Junta de Subsistencias", Madrid, 1912, **AHN**, Fondo Mesta, Leg. 1161\2).

<sup>55</sup> *El Matadero Moderno*, Barcelona: Imp.Elzeviriana, 1914?. Entroutras poboacións esta publicación serviu de modelo nos plans de construción do novo matadoiro vigués, vid. **AMV**, Leg.Ab-com-6.

<sup>56</sup> Os intereses agrarios de diverso signo tendían á identificación dos males do pequeno produtor coas redes de tratantes, obviando posiblemente que as súas actuacións correspondían á adaptación ás condicións impostas polos mercados demandantes: *los tratantes no son más que comerciantes al por mayor que compran formidables cantidades de ganado en muchas manos para venderlo en grandes partidas cada vez. Se les ha mirado con hostilidad porque se sabe poco de comercio y cuentas. Se han exagerado sus ganancias sin hacerles abono de sus muchos gastos y riesgos, porque se desconocen los pormenores y datos de la producción y del cambio. Durante la guerra europea algunos habrán obtenido lucro considerable, pero muchísimo menor que otras clases de negociantes relativamente a la enorme masa de capital y de trabajo que, en conjunto, los exportadores de ganado emplean* (V.Villanueva: "La exportación de ganado en Galicia. Cambiemos de método", *La Voz de Galicia*, 20-11-1925). Visto o comportamento posterior de fortunas "tratantes" como a dos Fernández, e o seu papel na construción de complexos agroindustriais e alimentarios, hai que empezar a reconsideralos como o xérmolo dunha burguesía industrial procedente do comercio do excedente pecuario.

Madrid constitúe un mercado central no proceso de intercambio do excedente pecuario pola súa función reguladora sobre os prezos coa conseguinte influencia sobre os outros mercados (GÓMEZ MENDOZA & SIMPSON 1988: 59). Polo tanto os problemas do mercado madrileño no relativo á carestía dos prezos e á conflictividade corporativa, son especialmente ilustrativos para comprende-las deficiencias estruturais do comercio pecuario. A consolidación de Madrid como centro de comunicacións e servicios (SANTOS JULIÁ 1992: 425) e o seu papel de articulador privilexiado do mercado nacional (GARCÍA DELGADO 1992: 406) co conseguinte desenvolvemento demográfico, implicará unha demanda crecente de produtos de subsistencia que implica un proceso parello de transformación das estruturas comerciais que non se produce coa celeridade precisa. Ó longo dos primeiros anos do século XX, serán constantes as intervencións institucionais na procura da normalización das relacións comerciais, aínda que sen resultados alentadores para os intereses dos produtores e consumidores<sup>57</sup>.

Nos anos 90 do século XIX comeza un debate que se prolongará nas décadas posteriores<sup>58</sup> a partir da aprobación e proceso de construción conseguinte dun novo mercado de gando na devesa de Arganzuela<sup>59</sup> que posteriormente se convertirá no matadoiro novo de Madrid. A construción dun espacio destiñado á comercialización dos produtos de abasto viña a solventar unha serie de deficiencias que se traducían na carestía crecente do consumo.

"Omitimos enumerar aquí los enormes e intolerables abusos de antiguo incorporados a los servicios de nuestro Matadero y a la explotación de sus industrias derivadas. Huelga también entrar en especial demostración de las principales causas de que en las operaciones de compra y regulación de los prezos en nuestro mercado, se hayan introducido por agentes intermediarios combinaciones tan anormales y procedimientos tan absurdos, complejos e inicuos, como manera de comprar el ganado, que con ello se envuelve al desgraciado vendedor en inextricables e irredimibles despojos, mediante la exacción de comisiones injustificadas y descuentos

---

<sup>57</sup> Os problemas dos produtores non evitan interpretacións críticas como as de Gómez Mendoza & Simpson (1988: 82): *Nunca reconoció la Asociación [refírese á AGGR] como posibles causas de la carestía de la carne ni la ineficiencia de sus asociados cuya escala de operaciones era, por lo general, diminuta ni, desde luego, su propia labor en defensa de los intereses de los ganaderos.*

<sup>58</sup> Vid. por exemplo *Comunicación Instancia de la AGGR contra el proyecto de un mercado de ganados de consumo aprobado por la Junta Municipal*, Madrid: Hijos de M.G. Hernández, 1894.

<sup>59</sup> *Mercado de ganados. Proyecto elevado por el Excm. Ayuntamiento. Autor D. Joaquín Saldaña, arquitecto premiado en varios concursos públicos*, Madrid: Hauser y Menet, 1899. Dito proxecto pasou por unha nova aprobación en 1906, vid. **AHN**, Fondo Mesta, Leg. 1266\2.

incalculables en las compras y ventas que los llamados abastecedores imponen a los vendedores del ganado, a los tablajeros y al público"<sup>60</sup>

Xunto coa conflictividade entre os diversos sectores involucrados no intercambio do excedente (produtores, intermediarios, carniceiros), existía ademais o problema da fiscalidade indirecta sobre o sacrificio das carnes (o arbitrio de carnes frescas)<sup>61</sup> que decantaba os intereses do concello madrileño hacia posturas de progresivo control do mercado para evita-lo fraude (GÓMEZ MENDOZA & SIMPSON 1988: 66)<sup>62</sup>. Un último aponte procede da xa comentada compatibilidade de cargos entre membros das organizacións corporativas (AGGR) e o concello o que decantaría progresivamente as medidas cara o conflito con sectores partidarios do libre mercado como os carniceiros. A conflictividade en torno ó mercado e sacrificio de gando xiraba pois arredor das prácticas mercantís, a fiscalidade e as medidas de control sanitario, conlevando esgotadores procesos de negociación que durante décadas conduciron ó mercado madrileño a unha situación calificable de anárquica. Por exemplo, en 1910 a AGGR reclamaba a municipalización total dos servicios de mercado e matadoiro, coa asunción polo concello do papel de mercador único eliminando ós intermediarios<sup>63</sup>, proxecto que cuallou dous anos máis tarde nunha moción municipal que gañou a cólera de carniceiros e abastecedores<sup>64</sup>.

---

<sup>60</sup> *Estudio presentado al Exm. Sr. Alcalde Presidente por el Exm. Sr. D. Joaquín Sánchez de Toca con las bases para formar una Cooperativa de Abasto y Consumo de carnes*, Madrid: Imp.Municipal, 1912. En 1904, Bartolomé calderón sulñaba a necesidade de mellora dun mercado e matadoiro que nese intre constituían *una deshonra y un escándalo hasta en una aldea de 1.000 habitantes* ("El mercado de carnes de Madrid", *Prácticas Modernas*, 15-5-1904).

<sup>61</sup> Este era un problema xeralizado nos mercados urbanos, que levou en determinados intres á mobilización a nivel estatal dos gremios de carnes contra os arbitrios e consumos (o imposto de consumos non fora suprimido para o caso das carnes) ("Asamblea de los gremios de carnes", *El Progreso Agrícola y pecuario*, 22-4-1912).

<sup>62</sup> *La introducción a cargo de numerosos matuteros, que operaban en el extrarradio de Madrid, de las carnes muertas sacrificadas en matadero ilegales -los llamados <<mataderos clandestinos>>- pero también en los mataderos oficiales de las poblaciones limítrofes, fue un motivo de constante preocupación para las distintas corporaciones municipales* (GÓMEZ MENDOZA & SIMPSON 1988: 66). Entre as argumentacións esgrimidas para a municipalización total do mercado e matadoiro estaban os perxuizos fiscais e sanitarios causados por estas prácticas, vid. Ayuntamiento de Madrid: *Antecedentes relacionados con el problema de las carnes en Madrid, para determinar el régimen y organización de servicios en el nuevo matadero*, Madrid: Imp. Municipal, 1922.

<sup>63</sup> "La cuestión de la carne", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 15-4-1910.

<sup>64</sup> *El Ayuntamiento representado por la <<Comisión de abasto de carnes de Madrid>>, venderá a los tablajeros la carne que necesiten para el despacho de sus establecimientos al precio de coste y sin otro recargo que el 1 por 100 de comisión de venta e impuesto de Consumos mientras no se suprima y el importe de la tasa por servicio de matadero* ("Municipalización de la carne en Madrid. La moción de la Alcaldía", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 15-5-1912).

Nos anos da guerra, e coa crise de desabastecemento, agudízase a carestía no mercado madrileño da cal se voltan a buscar responsabilidades nos intermediarios xunto cos problemas nos transportes e as medidas de control dos movementos interprovinciais que privaban *del abasto a otro mercado y población nacional*<sup>65</sup>. A situación agravouse en 1919 polos altos prezos reclamados polos abastecedores ante os problemas de circulación, coa conseguinte oposición dos carniceiros, iniciando unha espiral de conflictividade que caracterizará o proceso posterior de debate do sistema comercial.

## **2. O SECTOR PECUARIO GALEGO: PROBLEMAS DE ESPECIALIZACIÓN NO PRIMEIRO TERCIO DO SECULO**

### ***2.1. Sector pecuario e negociación do marco institucional***

Ata agora contemplámo-lo proceso de integración do sector pecuario galego no mercado español dende o punto de vista da problemática dos mercados de demanda. Unha vez establecidas as dificultades que comportaba o proceso de comercialización do excedente, pasaremos a esboza-las reaccións que suscitaban entre os actores económicos involucrados, na medida en que cada un deles *se desenvuelve dentro de su particular red comercial, teniendo distintas capacidades de negociación (y peculiares objetivos) con los distintos sujetos con los que se relaciona* (GALLEGO 1995: 31). Neste senso serán distintos os comportamentos do campesiñado<sup>66</sup>, con diferencias na súa propia diversificación interna, dos intermediarios<sup>67</sup> e dos sectores mesocráticos e "propietarios"

---

<sup>65</sup> *Tasa e incautación de ganados. Ponencia del Exm. Marqués de la Frontera aprobada por unanimidad en la reunión de diputados representantes de distritos agrarios*, Madrid: Imprenta Gráfica Excelsior, 1918. A oposición da AGGR á política de subsistencias viña dada polos problemas na comercialización do excedente maila aplicación de medidas como as incautacións e taxas.

<sup>66</sup> O campesiñado mobilízase progresivamente ben no terreo político (movemento antiforal) ben no económico coa constitución de sociedades de carácter mutual ou cooperativo, en boa medida coa presenza de dirixentes alleos procedentes das clases propietarias ou do mundo urbano, nun contexto de "mobilización controlada" (GARRIDO 1994: 140) que aspiraba a cubri-las deficiencias do sistema pero non a unha revolución das estruturas.

<sup>67</sup> Non atopamos referencias á actividade organizativa dos "tratantes" como grupo de presión organizado ata 1929 coa constitución dunha sección da *Unión de tratantes gallegos en ganado vacuno*, que por outra banda participará profusamente nos debates suscitados no sector durante a II República. Antes, organizábanse en "Compañías", por un prazo máis ou menos longo de tempo, para cooperar na consecución de cuotas de mercado, acusados con frecuencia polos dirixentes agraristas conservadores de constituir *trust* que impuñan as súas condicións nos mercados prexudicando ós produtores. Vid. AHPL, Leg.451.



involucrados na extracción do excedente agrario<sup>68</sup>. Polas súas relacións con grupos de presión estatais e o seu protagonismo social, achegarémonos ós dirixentes do agrarismo, optando principalmente polos sectores máis relacionados coa AGGR e o catolicismo social<sup>69</sup>. Neste grupo coinciden tanto aqueles máis vinculados ás clases dirixentes, e polo tanto ós grupos hexemónicos, como sectores mesocráticos relacionados coa función pública e profesións liberais, e imbricados nun proxecto de reforma técnica do agro (HERVÉS 1991: 859)<sup>70</sup>. Unidos por visións comúns como a crítica ós intermediarios, o interese pola comercialización directa ou a oposición ás trabas arancelarias sobre o millo, nas Xuntas provinciais de gandeiros (como nos consellos de fomento) coexisten tendencias que no terreo político podían participar de influencias dispares<sup>71</sup>.

"Las secuelas de la crisis finisecular propiciaron que desde ciertos sectores de las clases propietarias, por motivos sociales y políticos, se considerara prioritario el objetivo de mantener las pequeñas explotaciones. A pesar del proteccionismo, ello parecía imposible sin un aumento de la productividad campesina, que pasaba por una mejora técnica difícilmente alcanzable por el pequeño explotador, por su pobreza, de manera aislada" (GARRIDO 1995: 123).

As claves interpretativas que deberemos ter en conta xiran pois en torno a modelos que apostan polo mantemento do pequeno campesiñado sobre a terra, e polo desenvolvemento de políticas de reforma técnica que pasan pola articulación societaria dos labregos, nun proxecto orientado á resolución da problemática social do agro. Técnicos e

---

<sup>68</sup> Destes grupos xurden os dirixentes do movemento agrarista: *Bajo los parámetros de la crítica y el descontento, el discurso agrario se centró en el desarrollo de las contradicciones que supuestamente diferenciaban los intereses del campo de otros intereses que se enjuiciaban como contrarios* (DEL REY REGUILLO 1992: 708). Falamos dunha dialéctica rural vs urbano, que ó xeito de ver deste autor non fai senón *exponer las alteraciones sufridas por la correlación de fuerzas económicas en el proceso de nacionalización del capitalismo español*.

<sup>69</sup> Aínda que compartían en moitos casos dirixentes (como o propietario santiagués Xacobo Varela de Limia ou o técnico Rof Codina), se constitúen en dous sectores diferenciados e con actuacións en ocasións dispares, pero con criterios ideolóxicos paralelos.

<sup>70</sup> Referímonos por unha banda ós membros da "xeración galega do 98" tales como Rof Codina ou Federico Maciñeira, que non dubidaron en integra-las filas das Xuntas provinciais de gandeiros da AGGR, e por outra a líderes do catolicismo social como o mencionado Varela de Limia ou Vázquez Gundín. Rosende destaca para o caso de Ortigueira a importancia da dirección do movemento agrario por parte de persoeiros relacionados co "rexeneracionismo costista" como o citado Maciñeira ou Pita, mesmamente relacionados co establecemento da sección provincial da AGGR (ROSENDE 1988: 304).

<sup>71</sup> Martínez López (1989: 246 e ss.) destaca a participación constante dos socialcatólicos nas diferentes mobilizacións que ó longo das primeiras décadas do século se levan a cabo pola transformación do marco institucional do agro galego. Por outra banda, técnicos como Rof participaban do respecto de sectores dende socialistas ou republicanos ata os máis conservadores, todo o cal dá conta da heteroxeneidade interna dos dirixentes dun agrarismo de múltiples cores.

líderes agrarios tentarán pois constituírense en *lobby* con influencia no deseño das liñas de actuación económica, aínda que co problema esencial da súa heteroxeneidade ideolóxica que por exemplo resulta determinante durante o período primorriverista.

Os intentos de articulación dun grupo de presión "pecuario" pasarán por varias estratexias. Martínez López (1989) ten ben estudiaa por exemplo a organización dos socialcatólicos en forma do movemento cooperativo, tentando entroutras a táctica do establecemento de redes de abastecemento directo cos mercados consumidores, a través fundamentalmente da axuda da AGGR e da presión entre os cargos políticos dos concellos<sup>72</sup>. Referíndose ás tentativas de contrarresta-lo poder dos *trust* de intermediarios, afirmaban dende *La Industria Pecuaria* en 1921:

"Prestó todo su apoyo a este movimiento la Federación de Sindicatos católicos con el Banco rural, ya que gracias a su labor han comenzado periódicamente los envíos, y desde hace tres meses se envían, promedio semanal, diez vagones de ganado vivo. La Asociación General de Ganaderos del Reino ha montado también en Barcelona un servicio de recepción para la venta del ganado que se le envíe en la forma que lo tiene en Madrid" (J.García Armendáritz: "Galicia Pecuaria", *La Industria Pecuaria*, 1-10-1921).

A comercialización directa pola vía cooperativa era unha táctica asumida tamén polo agrarismo aconfesional, tal e como describe Rosende (1988: 260 e ss.) para o caso ortegano, coa organización de envíos dende as vésperas da guerra europea. De tódolos xeitos esta liña debía contar necesariamente coa colaboración duns labregos que, con frecuencia, optaban pola venda rápida ós tratantes que controlaban os mercados locais a través das súas redes de chaláns que apelaban á merca a domicilio *creando un atmósfera falsa en el campo contra las básculas y la venta al peso vivo, que al labrador de buena fe le hace dudar y lo mantiene en actitud expectante*<sup>73</sup>.

---

<sup>72</sup> Durante os anos 20 por exemplo realízanse varias assembleas auspiciadas polas deputacións provinciais, ás que acuden representacións do concello de Madrid. Estes actos eran descalificados polos sectores máis progresistas do agrarismo por consideralos "puntais" do caciquismo e contrarios á vitalidade do país. Vid. *La Zarpa*, 9-3-1922.

<sup>73</sup> Rof Codina: "Cómo ha de progresar la ganadería gallega. Los intermediarios son opuestos a toda mejora", *Acción Social*, 1-10-1924.

Unha segunda estratexia está relacionada co desenvolvemento de formas de "encuadramiento organizativo oficiales" (DEL REY REGUILLO 1992: 180) nas que se inclúen as xuntas provinciais de gandeiros<sup>74</sup>, vinculadas a organismos como as Cámaras Agrarias ou os Consellos de Fomento. Precisamente, nas xuntas provinciais de gandeiros vense representados elementos influíntes da vida social e política que buscan coa súa actividade o desenvolvemento controlado de medidas de reforma técnica e a satisfacción dos intereses da AGGR<sup>75</sup>. Así por exemplo na constitución da Xunta lucense en 1918, recomendábase como presidente ó da Deputación José Benito Pardo, *cuya influencia es decisiva en toda la provincia*<sup>76</sup>. Na Xunta da Coruña, constituída tamén en 1918, atopábanse dende propietarios/políticos como Romero Donallo, ata técnicos como Rof ou Hernández Robredo pasando por arbitristas como Hernansáez ou García Ibarra e políticos locais como Maciñeira<sup>77</sup>. O peso de arbitristas e técnicos relaciónase co afán de reforma técnica, o que se traduce por exemplo no establecemento de concursos, que subvencionados pola AGGR, buscan consolidar liñas concretas de mellora agropecuaria co obxectivo final da rendabilidade da pequena explotación e a loita contra o abandono do agro e, en última instancia, contra o conflito social<sup>78</sup>.

Un tercer medio de presión adoptado polos grupos hexemónicos vai se-la constitución dunha rede de prensa local, ben diaria ben especializada, destiñada á difusión dos principios do agrarismo técnico. Martínez López (1989: 289-310) presenta no seu traballo 27 fichas de publicacións católico-sociais do intre. Nelas non se inclúen aquelas publicacións diarias que como *El Ideal Gallego* en A Coruña ou *La Voz de la Verdad* en

---

<sup>74</sup> Del Rey Reguillo (1992: 71) as caracteriza como filiales dunha asociación que en ningún intre asumiu un carácter federal. Os asociados podían ser ben individuais ou ben colectivos, como ocorría por exemplo con varios sindicatos agrícolas da provincia de Lugo.

<sup>75</sup> Así ocorre coas actividades relacionadas coa adquisición de adubos ou alimentos para o gando por unha banda, e da consolidación de redes de abastecemento ós centros receptores de gando da AGGR por outra.

<sup>76</sup> "Carta de J.García Armendáritz al Marqués de la Frontera", **AHN**, Fondo Mesta, Leg.925\2. Nunha carta conservada no mesmo legaxo se lle dicía a Frontera: *En esta lista figuran mauristas, conservadores, integristas, liberales, demócratas y un casi republicano*. Hai que ubicar esta heteroxeneidade ideolóxica nese proxecto de reforma controlada que describe Samuel Garrido (1994: 141) e na que por suposto se involucra o entramado caciquil.

<sup>77</sup> "La Unión de los ganaderos. Asociaciones y Juntas Provinciales", *La Industria Pecuaria*, 10-11-1918. Os técnicos constitúen un dos elementos característicos das Xuntas, como ocorre tamén cos Consellos de Fomento e Cámaras Agrarias.

<sup>78</sup> Alicia Langreo (1995: 96) recalca por exemplo o papel da AGGR na consolidación do complexo agroindustrial asturián dende a guerra europea.

Lugo, realizaban unha intensa difusión das ideas de técnicos como Rof Codina e unha defensa política dos ideais agraristas máis conservadores. A estas publicacións uníanse as frecuentes referencias que na prensa especializada estatal se facían da problemática agraria de Galicia. Así se observa por exemplo nas publicacións da AGGR (*La Industria Pecuaria*) e da AAE (*El Progreso Agrícola y Pecuario*). Constitúese pois esta prensa nunha valiosa fonte para segui-las liñas concretas de reivindicación dos grupos hexemónicos no contexto da construción do mercado interior.

## **2.2. Reivindicacións concretas en torno ó sector cárnico**

Neste último apartado faremos un rápido esbozo das liñas reivindicativas máis características que no período 1900-1921 son desenvolvidas polo *lobby* agrarista\conservador<sup>79</sup> galego no contexto da negociación do marco institucional no que se debía levar a cabo a actividade productiva. Centrarémonos en tres aspectos moi concretos. En primeiro lugar, en torno ás reivindicacións sobre o establecemento de redes de abastecemento directo ós mercados urbanos e as súas xustificacións<sup>80</sup>. Un segundo aspecto xirará arredor da cuestión arancelaria, no referente á reivindicación das importacións de millo e á oposición ás importacións de carnes conxeladas<sup>81</sup>. Por último, abordaremos as xustificacións teóricas do establecemento dos matadoiros industriais, que están na orixe do gran fracaso do cooperativismo agroindustrial en Galicia: MARUCOGA<sup>82</sup>.

### *A. A cuestión da comercialización directa*

A comercialización directa do excedente pecuario é unha reivindicación constante nos primeiros anos do século, na medida en que viña a solventar os problemas derivados

---

<sup>79</sup> Debemos recordar, como se explicou no apartado anterior, que baixo esta xeralización incluímos elementos dispares dende o conservadurismo católico ata elementos máis "progresistas" incluso integrables no republicanismo.

<sup>80</sup> Como sinala Martínez López (1989: 135) os católicos sociais buscan na comercialización directa a resposta ós males que a través dos intermediarios castigan ós produtores na comercialización do excedente. A animadversión contra tratantes e abastecedores é unha constante por exemplo na obra de Rof Codina.

<sup>81</sup> Esta última cuestión, provocou na II República unha mobilización xeral da sociedade agraria galega en oposición ó tratado de comercio co Uruguay.

<sup>82</sup> Os Matadoiros Rurais Cooperativos de Galicia, fundados en 1928 por iniciativa católica, constituíñense noutro gran obxecto de debate nos anos da II República en torno á problemática suscitada polo fracaso da súa xestión, vid. Martínez López (1989: 168).

das deficiencias dos circuitos comerciais nos mercados produtores e os problemas de carestía nos de demanda. Neste senso, será unha das liñas de actuación sostidas pola AGGR servindo para asegurar cotas do mercado interior fronte ás tentativas por exemplo de introducción de carnes estranxeiras<sup>83</sup>. O certo é que dende o agrarismo técnico considerábase a organización cooperativa do intercambio do excedente un medio vital para a reforma controlada dun sistema que dificultaba a reprodución do labrego sobre a terra habida conta das trabas estruturais e organizativas da produción. Ó longo das primeiras décadas do século atopámonos pois cunha serie de visións críticas que conducían como resolución á adopción do sistema cooperativo.

Un primeiro aspecto referíase ó que era visto polos observadores como escasa racionalidade na explotación pecuaria. Persoeiros do agrarismo técnico como Rof Codina, Bartolomé Calderón ou García Armendáritz recalcaban a insistencia dos labregos en desfacérense canto antes das tenreiras, demandadas de xeito crecente polos mercados urbanos. Este costume, que para os técnicos ía en detrimento da mellora da cabana, respostaba á dobre incidencia da demanda e da escasez de forraxes, derivada das deficiencias estruturais do agro.

"No tenemos forrajes con que alimentar nuestros ganados, no tenemos razas propias para la producción económica de la leche ni de la carne, no necesitamos, pues, de nuestra producción de terneras, relativamente grande, más que una pequeña parte, a las cuales hemos de quitar todo el jugo posible, extrayendo al mismo tiempo crías, leche, trabajo, carne y que sabemos cuantas cosa más. Es la eterna ley que nos rige a los que no servimos para nada" (B.Calderón: "Sobre la matanza de terneras", *Prácticas Modernas*, 15-9-1904)<sup>84</sup>.

Pero a cuestión candente denunciada ata á saciedade é a relacionada cos circuitos de extracción do excedente, é dicir, a do excesivo peso dunha rede de intermediarios que

---

<sup>83</sup> A garantía de que podían solventar cos envíos directos os problemas de desabastecemento ou carestía, servíalle á AGGR para esgrimir argumentos de forza no debate proteccionista. Para estes fins non dubidaban, por exemplo, en maquillalas estadísticas oficiais sobre a produción pecuaria de xeito que serviran para evita-las importacións de carne, tal e como sostén Santiago Zapata (1986: 606).

<sup>84</sup> Rof Codina insistía por exemplo na necesidade de manter un grupo de exemplares seleccionados para garanti-la mellora das aptitudes da cabana, faceta que atopaba na venta masiva de exemplares (incluíndo os seleccionados) un perigoso nemigo (*El Ideal Gallego*, 2-1-1920). Tamén insistía García Armendáritz nestes aspectos recalcando a necesidade da mellora das condicións da explotación para asegura-lo peso do gando galego nos mercados ("Galicia Pecuaria", *La Industria Pecuaria*, 1-10-1921).

se apropiaban das ganancias mediante a manipulación da oferta e a demanda, o que ademais en última instancia derivaba na incapacitación do sector pecuario para transformalas súas estruturas<sup>85</sup>. A solución pasaba pola organización societaria do campesiñado eliminando ós intermediarios, tal e como estaba sucedendo noutras áreas europeas como Dinamarca ou Irlanda coa explotación láctea. Os primeiros intentos os reseñaba García Armendáritz en 1910 na provincia de Lugo, coa organización das Sociedades de Pol, Castroverde, Baleira, Páramo, Anseán e Lugo no envío de dous vagóns semanais a Barcelona (*La Industria Pecuaria*, 10-11-1910)<sup>86</sup>. Estas primeiras tentativas provocaron unha serie de tensións derivadas da pugna polo control do abastecemento dos mercados.

"En la provincia de Lugo ha habido hace dos años un conato de reorganización de la contratación. Se instalaron 11 básculas en ferias diferentes y se empezó la venta del ganado al peso vivo. El abastecedor apeló a todos los medios imaginables para desvirtuar el procedimiento. Las sociedades ganaderas instaladoras han sido vencidas varias veces por el intermediario; pero pronto se rehacen y reanudan la operación, ganando adeptos lentamente" ("*Crónica Agrícola*", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 22-8-1911).

O establecemento das básculas nos centros de contratación era unha ameaza para prácticas como o "chalaneo", baseadas na contratación das reses "a ollo", que evitaban as cotizacións dos mercados de demanda, o que xeraba un desfase entre os prezos que ós ollos dos técnicos era beneficioso para o intermediario. De feito outras tentativas se inauguran nestes intres previos á guerra europea, como sucedeu cos envíos da Federación Agraria de Ortigueira dende 1913 (ROSENDE 1988: 264). Será no contexto das profundas desarticulacións sufridas polos mercados no período 1914-1921 cando se dé o pistoletazo de saída para os envíos cooperativos a maior escala, tanto dende o agrarismo confesional

---

<sup>85</sup> *La carestía de las carnes es producida por defectos de contratación y del transporte, excesiva ganancia del intermediario y falta de organización de los tablajeros* (Rof Codina: "La carestía de la carne", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 15-10-1910). Para Rof, os intermediarios obtiñan das reses unha serie de bonificacións polos aproveitamentos dos desposos e os coiros que contrastaban coas dificultades dos produtores para rentabiliza-la súa explotación (anguriosas nos casos dos criadores de cebóns pola enorme carestía dos pensos).

<sup>86</sup> Un aspecto relacionado cos envíos era a cuestión das deficiencias dos servicios ferroviarios, que constituían un grave problema polas perdas de peso que ocasionaban dada a longa duración dos traxectos e as condicións hixiénicas do transporte, vid. Rof Codina: *Problemas de la Ganadería Española. Abastecimiento de carnes y organización racional de los concursos de Ganado en Galicia*, A Coruña: Garcybarra, 1920.

como dende o calificado como "neutro" (ROSENDE 1988: 266)<sup>87</sup>. Xa falamos do contexto de mobilización corporativa que caracteriza os anos da crise do sistema da Restauración. Nel hai que enmarca-las denuncias de sectores agrarios contra os movementos organizativos por parte de intermediarios ou expendedores, que pugnaban polo control dos circuitos comerciais nos mercados.

"La venta del ganado en manos de los intermediarios, ora creando *trust*, ora simulando bajas en las cotizaciones o despreciando los subproductos, hizo pasar momentos angustiosos a los ganaderos que, ante el encarecimiento de cuanto ellos precisaban, veían en alarmante baja la cotización de sus ganados. Uno de estos intentos de monopolio es la compraventa de ganado que se proyectó en Barcelona, y que fué lo que movió a los Sindicatos Agrícolas a hacer directamente ellos los envíos a las plazas consumidoras" (García Armendáritx: "Galicia pecuaria", *La Industria Pecuaria*, 1-10-1921)<sup>88</sup>.

#### *B. A cuestión arancelaria: importacións de millos e carnes*

Na cuestión arancelaria, os grupos hexemónicos do agrarismo adoptan unha postura ambivalente entre o proteccionismo e a liberdade<sup>89</sup>. Por unha banda, serán constantes as reclamacións de protección do mercado interior fronte ás tentativas de introducción de carnes foráneas para a resolución da carestía dos mercados urbanos<sup>90</sup>. Pola

---

<sup>87</sup> Rof Codina facíase eco da gran conflictividade causada pola política de abastecementos e a crise ferroviaria: *A un movimiento de asociación de los abastecedores, traficantes y tablajeros, con fines y procedimientos que arruinarán al campesino, hay que oponer otra fuerza de asociación, despertando el espíritu de defensa en las Sociedades Agrarias constituidas, y creando organizaciones donde no existan* ("La ganadería gallega. Graves peligros que la amenazan", *La Industria Pecuaria*, 10-2-1918). Destaca dende 1919 o interese da AGGR por organiza-los envíos para o cal apoiárase nas recién nacidas xuntas de Lugo e Coruña, vid. "Memoria de la Junta Provincial de La Coruña", *La Industria Pecuaria*, 10-9-1921).

<sup>88</sup> Dito movemento cooperativo apoiouse na Federación de Sindicatos Católicos e no Banco Rural, conseguindo un promedio semanal de dez vagóns de gando vivo ós centros de recepción da AGGR en Madrid e Barcelona. Tratábase dun efecto reactivo fronte á organización dos abastecedores. Vid. Rof: "Los ganaderos gallegos van a ser víctimas de una Asociación de abastecedores de Barcelona. Documento histórico" (*El Ideal Gallego*, 30-1-1921) e "La depreciación del ganado vacuno se generaliza" (*El Ideal Gallego*, 6-3-1921).

<sup>89</sup> Esta postura parece ser habitual nas agriculturas occidentais trala crise finisecular, tal e como sinala Gabriela Corona (1994: 284) para os agricultores da Padania, que *librecambistas en el mercado de trabajo, defendían posiciones proteccionistas en el comercio de cereales*.

<sup>90</sup> Xustificaba Enrique de Beitia as importacións xa que *por encima de todos los intereses ganaderos están los sacratísimos de la humanidad* (*Semana Veterinaria*, 10\17-5-1920). Por exemplo nos anos do Directorio militar será contemplada en varias ocasións a solución das importacións, por outra banda reclamada polos industriais do sector, vid. **AHN**, Fondos Contemporáneos (Directorio Militar).

outra pedirase a libre introducción de pensos en clara oposición ás reivindicacións dos cerealistas da Meseta<sup>91</sup>.

A libre importación de carnes conxeladas relaciónase cos avances tecnolóxicos que, dende as últimas décadas do XIX, consolidaron a mundialización do intercambio de produtos<sup>92</sup>, e aportaron un continxente de produtos que pola súa baratura se presentaban como resolución dos problemas de abastecemento dos mercados. Deste xeito, nos primeiros anos do século XX, plantéxase a súa introducción no mercado portugués, o que conlevou reaccións de temor dende os sectores produtores españois.

"También en España se ha hablado y se habla de dificultades para proveer de carnes baratas a mercados como los de Madrid y Barcelona, y, sin embargo, hoy está comprobado que la dificultad se halla, no tanto en la falta de ganado como en los vicios y escandalosos abusos que entorpecen el abastecimiento y han hecho famoso el matadero de Madrid; en las trabas que oponen sistemáticamente las compañías de ferrocarriles (...); en las mil y una ruedas del engranaje burocrático administrativo; en la insaciable codicia de los intermediarios e inmoralidad de los encargados de ciertos servicios" (A. Montenegro Saavedra: "Una amenaza antigua", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 7-3-1910)<sup>93</sup>.

Nas vésperas da guerra europea, unha sociedade bilbaína presionou preto do goberno para conseguí-la libre entrada das carnes frigorizadas no mercado español, polo que dende os círculos agrarios iniciáronse os mecanismos de defensa ante a entrada de ditos produtos<sup>94</sup>. Pero vai ser a raíz da crise postbélica cando se plantexen abertamente

---

<sup>91</sup> Esta cuestión conlevou incluso tensións entre as organizacións patronais agrarias, tales como a AAE e a AGGR, o que derivaba en fisuras no bloque dominante pola disparidade de intereses.

<sup>92</sup> Por exemplo en 1887 a subcomisión encargada do estudo do problema gandeiro falaba das escasas posibilidades de competencia no mercado internacional dos cebóns galegos coas carnes frigorizadas americanas, vid. "Dictamen que presenta la Subcomisión cuarta acerca de las causas de la crisis de la gandería y medidas que pudieran remediarla", *La Crisis Agrícola y Pecuaría. Actas y Dictámenes de la comisión creada por RD de 7 de julio de 1887 para estudiar la crisis por la que atraviesa la Agricultura y la Ganadería*, Madrid: Sucesores de Ribadeneyra, 1887. Carmona & de la Puente (1988: 192) destacan a baratura das carnes ultramarinas como un dos detonantes da crise finisecular.

<sup>93</sup> Insistía o tratadista no perigoso da decisión para a gandería portuguesa e das posibilidades alternativas de aproveita-la produción española. Esta insistencia en asegura-la complementariedade con mercados españois, baseada nunha suposta abundante produción española, contrasta coa reivindicación de restrinxi-las exportacións durante a primeira guerra mundial.

<sup>94</sup> A AGGR rexeitaba o proxecto acusando problemas sanitarios e de hábitos de consumo, incompatibles coa entrada de ditos produtos, vid. "La importación de carnes congeladas", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 15-4-1913.



movimentos a prol e en contra das cuestionadas carnes<sup>95</sup>. En concreto, a primeiros do ano 1920, unha sociedade anglo-arxentina, a *Sociedad Continental de Alimentación*, ensaiou o desembarco en Barcelona de 800 TM co apoio do concello e a resistencia de abastecedores e carniceiros<sup>96</sup>. Os movementos do agrarismo técnico oscilarán cara a consecución do establecemento de matadoiros industriais para afronta-la posible competencia crecente dos productos frigorizados<sup>97</sup>.

A libre importación do millo representa unha das reivindicacións constantes no período estudado habida conta do que se consideraban serios atrancos para o mantemento e reprodución da cabana. Neste senso, na sucesivas negociacións arancelarias plantexarase a cuestión como vital, aínda que de xeito decrecente para os representantes parlamentarios galegos<sup>98</sup> e crecente para os diversos intereses agrarios mobilizados<sup>99</sup>. A argumentación máis sólida esgrimida pasaba polas posibilidades de mellora da produtividade derivadas da libre introducción de millos.

"(...)si la importación por los puertos de Galicia de unos miles de toneladas de maíz argentino ha motivado un aumento de producción de

---

<sup>95</sup> É moi ilustrativo por exemplo o seguimento dos periódicos galegos dos primeiros meses de 1920, tales como *El Ideal Gallego* (A Coruña), ou *La Voz de la Verdad* e *El Norte de Galicia* (Lugo), como ecos da resonancia dun debate que chegaría ata o mesmo Parlamento.

<sup>96</sup> Rof Codina: "Las carnes congeladas. Ya ha llegado a Barcelona un importante cargamento", *El Ideal Gallego*, 5-2-1920.

<sup>97</sup> De feito parece que haberá unha resignación crecente ante un feito que se consideraba inevitable, como demostran as reunións entre técnicos e representantes de empresas frigoríficas, tal e como se denunciaba en *La Zarpa* (5-4-1922). Por outra banda existían grandes oposicións e dificultades técnicas ante as carnes frigorizadas, como se revela posteriormente nas tentativas do Directorio Militar: *Además, la falta de cámaras frigoríficas en los puertos, las malas condiciones de conservación que tienen los pocos que existen y las limitadas facilidades que siempre hay para el transporte marítimo de este artículo, dificultan en gran manera la importación de la carne congelada, la que, por otra parte, los abastecedores tampoco se muestran muy propicios a adquirir, ya que estos industriales basan su negocio de abastecimiento de reses en el aprovechamiento de los despojos de las mismas* ("Carta do director xeral de abastos ó presidente da Xunta Central, **AHN**", Fondos Contemporáneos, Caixa 209).

<sup>98</sup> *El triunfo irrefutable de la protección, la ausencia de canales representativos adecuados para los intereses regionales en el marco de la Restauración y la crisis del sector ganadero -se había perdido el mercado inglés sin haber desarrollado todavía de forma plena el mercado peninsular- son algunos de los factores que podrían explicar esta recesión* (ALONSO 1984: 222).

<sup>99</sup> Así ocorre por exemplo nas Asambleas Agrarias galegas entre 1908 e 1919. *En suma, la defensa del librecambismo constituye una de las constantes reclamaciones de las fuerzas sociales gallegas, porque a él se acomodan los intereses económicos regionales* (ALONSO 1984: 227). Ó xeito de ver deste autor, a vía "nacionalista" elexida pola economía española supón o desprazamento e marxinação dos intereses galegos respecto dos centros de decisión españois e, polo tanto, a consolidación dunha situación de subordinación con respecto ó capitalismo español. Creemos que se debe matizar que a postura ante o proteccionismo foi ambivalente pois, xunto coa libre introducción de cereal, se reclamaban cotas de protección no mercado interior para o produto pecuario.

varios miles de reses vacunas, el problema de la carestía de la carne puede resolverlo España de por sí, como se ha demostrado tantas veces tan sólo decretando para siempre la libre importación de dicho cereal" (Rof Codina: "Un balance de interés regional. Las principales producciones de la ganadería gallega", *La Industria Pecuaria*, 10-1-1916).

Rof sustiña que nos anos 1910, 1913 e 1915 multiplicárase a exportación das cabezas de gando coincidindo coas presións das Asambleas Agrícolas, Corporacións, Sociedades, prensa e Parlamento coa conseguinte consecución das rebaixas arancelarias. Un aponte ó respecto, ven dado pola constancia de que as importacións de cereais incrementáronse no período 1891-1920 a pesares do arancel (PINILLA 1995: 160), nunha progresión superior por exemplo á das carnes. Gallego e Pinilla (1996: 389) destacan que as importacións de cereal convertíronse nun mecanismo regulador para evitar tendencias inflacionistas ou fluctuacións nos prezos, feito que contrasta cos cotas de protección no mercado da carne a través das presións da AGGR<sup>100</sup>. Hai que enfocar pois o problema en torno ás posibilidades económicas do pequeno gandeiro para acceder a un cereal gravado polo arancel e afectado polas devaliacións da moeda. Nesta liña deberemos le-las constantes mobilizacións ó respecto, na medida en que a carestía dos pensos superaba con creces as posibilidades de rendabilidade da explotación.

### *C. O soño dos matadoiros industriais*

Falabamos no apartado anterior que a presión do mercado exterior conduciu á idea da constitución de matadoiros industriais, o cal permitiría a entrada da produción cárnica galega no circuito das carnes enfriadas<sup>101</sup>. Dende un primeiro intre aparece o problema da capitalización dunha empresa que implicaba grandes desembolsos no establecemento directo e mantemento. Así, por exemplo, en 1905 preséntaselle á AGGR un proxecto de constitución dunha Sociedade anglo-española de abasto de carnes que instalaría catro

---

<sup>100</sup> José Ignacio Jiménez Blanco (1986b: 255) insiste no feito de que *la importación de maíz estuvo liberalizada hasta 1926*. Entre os servicios da nacente Xunta Provincial de Gandeiros coruñesa estivo por exemplo a merca cooperativa de cupos de millo facilitados a prezos máis asequibles que os permitidos polo arancel.

<sup>101</sup> Bartolomé Calderón apostaba en data tan temperá como 1904 pola creación dun *establecimiento industrial subvencionado si es posible por el Gobierno, las diputaciones gallegas y el municipio de la villa, que tenga a la vez carácter de mercado de reses, matadero público, fábrica de conservas de toda clase de carnes y productos diversos que salen de los animales, depósito frigorífico, y comercio en gran escala de los productos que sirven para la alimentación del ganado o fertilidad de la tierra* ("La cuestión de las carnes", *Prácticas Modernas*, 15-12-1904).

matadoiros en Monforte, Salamanca, Mérida e Cádiz<sup>102</sup>. Nembargante, a Asociación de Gandeiros negaríalle o seu apoio, pois mostrábase reticente a iniciativas de carácter industrial capitalista<sup>103</sup>.

Un primeiro obstáculo para o artellamento dunha agroindustria especializada radicaba pois nas necesidades de capitalización, que reclamaban unha intervención dun sector privado poderoso ou ben do público, naquelas datas con escasas capacidades de intervención económica. Un sector por exemplo susceptible de participación no proxecto era o dos intermediarios<sup>104</sup>, pero non manifestará interese por proxectos agroindustriais ata varias décadas despois, ó que se unía o ambiente de tensión co movemento societario.

"El gerente de la sociedad bilbaína que proyecta establecer en Lugo un matadero industrial, como comprador en gran escala de ganados que ha sido durante muchos años, conoce perfectamente que su empresa ha de tropezar con un terrible escollo, los intereses creados por los intermediarios, que abarcan todas las operaciones de compra-venta organizadas actualmente de un modo primitivo, rutinario y anticomercial" (Rof Codina: "Galicia Pecuaria. Alrededor del Matadero Industrial", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 15-10-1914)<sup>105</sup>.

Ademais, estaban tamén as propias concepcións entre os seguidores do proxecto. Martínez López (1989: 167) sinala o predominio da visión católica sobre as industrias rurais, é dicir, partidaria da pequena industria, anticapitalista e cooperativista<sup>106</sup>. Esta idea pasa ó movemento agrarista nas Asambleas Agrarias convertíndose nun dos puntos reivindicativos vinculados ó desenvolvemento societario<sup>107</sup>. Nos anos posteriores á guerra europea, e coincidindo con outras reivindicacións antes reseñadas, buscaranse novas

---

<sup>102</sup> "Hijuela al proyecto de constitución de una Sociedad para el abastecimiento de carnes" (23-2-1905), *AHN*, Fondo Mesta, Leg.1266\1.

<sup>103</sup> Recordemo-la oposición entre concepcións industrialistas e agrarias no contexto da mobilización corporativa do primeiro tercio do século.

<sup>104</sup> Recordemos que nos anos trinta o grupo dos Fernández farase cargo do Matadoiro de Mérida, e xa no franquismo de MARUCOGA (MARTÍNEZ LÓPEZ 1989: 179).

<sup>105</sup> O sistema de contratación beneficiaba para Rof ós intermediarios no aproveitamento dos despoños, dalí a defensa dun sistema comercial "rutinario" e "antieconómico".

<sup>106</sup> Destaca este autor a forte impregnación das ideas de Le Play na procura da reinstauración da familia patriarcal fronte ó desbaratamento moral que supuña o capitalismo.

<sup>107</sup> "VI Asamblea Agrícola Gallega, que se ha de celebrar en Redondela los días 22, 23 y 24 de agosto de 1914", *El Progreso Agrícola y Pecuario*, 31-7-1914.

opcións xa cooperativas (Federación de Sindicatos de Lugo)<sup>108</sup> xa propostas por sociedades industriais<sup>109</sup>. Os proxectos confluirán no período primorriverista no de MARUCOGA, que se traducirá no máis grande fracaso do movemento cooperativo galego no primeiro tercio do século (MARTÍNEZ LÓPEZ 1988).

## CONCLUSIÓNS

Tentamos aportar ó longo deste traballo un punto de vista distinto do tradicionalmente empregado na análise dos problemas do sector pecuario galego na súa adaptación ás condicións impostas pola expansión do capitalismo español no proceso de construción do "mercado nacional". Neste senso, aportamos unha serie de aspectos relacionados en primeiro lugar coas condicións en que se negociou o marco institucional no que se debían desenvolver as relacións económicas: a constancia dun proceso crecente de corporativización das relacións políticas e económicas, a importancia da cuestión arancelaria na articulación das liñas de especialización, o problema das comunicacións para a integración interrexional.

Ademais, constatamos un segundo aspecto a desenvolver, relacionado coa articulación dos mercados demandantes, que, sobre todo no caso de Madrid, exercen unha influencia esencial na definición das estruturas mercantís nos centros produtores. A conflictividade corporativa nos mercados urbanos incidíu necesariamente na problemática social do agro, como demostra a mobilización de xentes e recursos nos anos da guerra europea, feito por outra banda integrable no contexto dun mercado interior consolidado nas súas dependencias e interrelacións.

Estes fenómenos marcaron as reivindicacións das elites que dende a sociedade galega pretendían hexemoniza-lo proceso productivo. vimos como estas reivindicacións estaban moi relacionadas co proceso comercial: comercialización directa, matadoiros industriais, cuestión arancelaria... nunha economía cada vez máis mundializada, as

---

<sup>108</sup> "El transporte de ganado", *Boletín de la Federación Católica Agraria de Santiago*, 1-1-1919.

<sup>109</sup> Así ocorría coa "Sociedad de intercambio comercial y frigoríficos", de capital arxentino, que estudou o establecemento dun matadoiro en Betanzos en 1920 ("Los mataderos industriales", *El Ideal Gallego*, 22-6-1920).

repercusións da política estatal sobre o agro galego transcendían as deficiencias estruturais endóxenas, para determinar dun xeito ou outro as liñas de especialización do sector agrario.

## **ABREVIATURAS**

**AAE:** Asociación de Agricultores de España

**AGGR:** Asociación General de Ganaderos del Reino

**AHN:** Archivo Histórico Nacional

**AHPL:** Archivo Histórico Provincial de Lugo

**AMV:** Archivo Municipal de Vigo

## **BIBLIOGRAFÍA**

ALONSO, J.A. (1984): "La Banca y la economía de Galicia en el primer tercio del siglo XX" in GARCÍA DELGADO (ed): *España, 1898-1936: Estructuras y cambio*, madrid: Complutense.

ARTOLA, M. (ed) (1978): *Los ferrocarriles en España, 1844-1943*, Madrid: Banco de España.

BARCIELA LÓPEZ, C., LÓPEZ ORTIZ, M.I., MELGAREJO MORENO, J. (1996): "La intervención del Estado en la agricultura durante el siglo XX" in TEDDE DE LORCA (ed): *El Estado y la modernización económica, Ayer*, n121.

BARREIRO GIL, X. (1982): "Notas sobre la evolución histórica de la ganadería gallega, 1859-1935", *Investigaciones económicas*, n119.

BARREIRO GIL, X. (1983): "La generalización de la producción de mercancías y la modernización productiva de la agricultura en Galicia, 1876-1976", *Revista de Historia Económica*, n12.

BARREIRO GIL, X. (1990): *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*, A Coruña: Xunta de Galicia.

BEIRAS TORRADO, X.M. (1972): *O atraso económico de Galicia*, Vigo: Galaxia.

BERNAL, A.M. (1985): "La llamada crisis finisecular" in GARCÍA DELGADO (ed): *La España de la Restauración: política, economía, legislación y cultura*, Madrid: S.XXI.

CABRERA, M. (1983): *La patronal ante la II República. Organizaciones y estrategia, 1931-1936*, Madrid: S.XXI.

CARMONA, X. & DE LA PUENTE, L. (1988): "Crisis agraria y vías de evolución ganadera en Galicia y cantabria" in GARRABOU (ed): *La crisis agraria de fines del siglo XIX*, Barcelona: Crítica.

CORONA, G. (1994): "La agricultura en Europa y el nacimiento de la crisis agraria (1880-1914)", *Agricultura y Sociedad*, n170.

ELORZA, A., ARRANZ, L., DEL REY, F. (1986): "Liberalismo y corporativismo en la crisis de la Restauración" in GARCÍA DELGADO (ed): *La crisis de la Restauración. España entre la Primera Guerra Mundial y la II República*, Madrid: S.XXI.

ESPIDO BELLO, M.C. (1996): "El comercio hispano-portugués de ganado vacuno (1850-1914): un ejemplo de complementariedad entre las dos economías ibéricas", comunicación inédita presentada no XVI Encontro da Associação Portuguesa de História Económica e Social, Coimbra.

FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1992): *Labregos con ciencia*, Vigo: Xerais.

FRAILE BALBÍN, P. (1991): *Industrialización y grupos de presión. La economía política de la protección en España, 1900-1950*, Madrid: Alianza.

GALLEGO MARTÍNEZ, D. (1986): "Transformaciones técnicas de la agricultura española en el primer tercio del siglo XX", in GARRABOU,

BARCIELA, JIMÉNEZ (eds): *Historia agraria de la España contemporánea*, vol III, Barcelona: Crítica.

GALLEGO MARTÍNEZ, D. (1995): "Sociedades y sistemas económicos fragmentados. (Un modelo para el análisis histórico de la adaptabilidad de las economías capitalistas)", *Agricultura y Sociedad*, n176.

GALLEGO MARTÍNEZ, D. & PINILLA NAVARRO, V. (1996): "Del librecambismo matizado al proteccionismo selectivo: el comercio exterior de productos agrarios y alimentos en España entre 1849 y 1935", *Revista de Historia Económica*, año XIV, n12.



GARCÍA DELGADO, J.L. (1981): "La economía española entre 1900 y 1923" in TUÑÓN DE LARA (ed): *Revolución burguesa, oligarquía y constitucionalismo (1834-1923)*, Barcelona: Lábor.

GARCÍA DELGADO, J.L. (1984): "De la protección arancelaria al proteccionismo" in GARCÍA DELGADO (ed): *España, 1898-1936: Estructuras y cambio*, Madrid: Complutense.

GARCÍA DELGADO, J.L. (1992): "Madrid en los decenios interseculares: la economía de una naciente capital moderna" in GARCÍA DELGADO (ed): *Las ciudades en la modernización de España. Los decenios interseculares*, Madrid: S.XXI.

GARCÍA-LOMBARDERO E VIÑAS, X. (1971): "La formación de un mercado regional: Galicia 1860-1890", *Moneda y Crédito*, n1119.

GARCÍA-LOMBARDERO E VIÑAS, X. (1979): "Evidencias dunha crise agraria en Galicia: prezos e exportación de gando a remates do século XIX", *Revista Galega de Estudos Agrarios*, n11.

GARCÍA-LOMBARDERO E VIÑAS, X. (1985a): "La economía de Galicia en los siglos XIX y XX", *Papeles de Economía Española*, Especial Galicia.

GARCÍA-LOMBARDERO E VIÑAS, X. (1985b): "Los efectos de la protección arancelaria sobre la producción de cereales en España, 1890-1910", in MARTÍN ACEÑA & PRADOS DE LA ESCOSURA (eds): *La Nueva Historia Económica en España*, Madrid: Tecnos.

GARRABOU, R. (1985): *Un fals dilema. Modernitat o endarreriment de l'agricultura valenciana. 1850-1900*, Valencia: Eds. Alfons el Magnànim.

GARRIDO HERRERO, S. (1994): "Alentar y obstruir. Las vacilaciones de la política estatal sobre cooperativismo en los inicios del siglo XX", *Noticiero de Historia Agraria*, n17.

GARRIDO HERRERO, S. (1995): "El cooperativismo agrario español del primer tercio del siglo XX", *Revista de Historia Económica*, año XIII, n11.

GÓMEZ MENDOZA, A. (1985): "Los ferrocarriles en la economía española, 1855-1913" in MARTÍN ACEÑA & PRADOS DE LA ESCOSURA (eds): *La Nueva Historia Económica en España*, Madrid: Tecnos.

GÓMEZ MENDOZA, A. & SIMPSON, J. (1988): "El consumo de carne en Madrid durante el primer tercio del siglo XX", *Moneda y Crédito*, n1186.

GÓMEZ MENDOZA, A. (1989): *Ferrocarril, industria y mercado en la modernización de España*, Madrid: Espasa Calpe.

GÓMEZ MENDOZA, A. (1991): "Depresión agrícola y renovación industrial (1876-1898)" in GARCÍA DELGADO (ed): *España entre dos siglos (1875-1931). Continuidad y cambio*, Madrid: S:XXI.

HALPERN PEREIRA, M. (1983): *Livre-Câmbio e Desenvolvimento Económico*, Lisboa: Sá da Costa Editora.

HALPERN PEREIRA, M. (1984): *Política y economía. Portugal en los siglos XIX y XX*, Barcelona: Ariel.

HERVÉS SAYAR, H. (1991): "El movimiento agrarista gallego, 1890-1936" in *Historia de Galicia*, vol. IV, Vigo: Faro.

JIMÉNEZ BLANCO, J.I. (1986a): "Introducción" in GARRABOU, BARCIELA, JIMÉNEZ (eds): *Historia agraria de la España contemporánea*, vol III, Barcelona: Crítica.

JIMÉNEZ BLANCO, J.I. (1986b): "Flores de Lemus y la producción rural de su tiempo" in GARCÍA DELGADO (ed): *La crisis de la Restauración. España entre la Primera Guerra Mundial y la II República*, Madrid: S:XXI.

LANGREO NAVARRO, A. (1995): *Historia de la industria láctea española: una aplicación a Asturias, 1830-1995*, Madrid: MAPA

MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1988): *Orixes e dificultades da primeira experiencia de cooperativismo agroindustrial en Galicia: o matadoiro de Porriño (1928-1949)*, A Coruña.

MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1989): *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Vigo: Deputación Pontevedra.

MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1991a): "Antecedentes del sector lácteo gallego, 1890-1935", *Agricultura y Sociedad*, n159.

MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1991b): "Cooperativismo y campesinado parcelario en la Galicia del primer tercio del siglo XX" IN SAAVEDRA & VILLARES (eds): *Señores y campesinos en la península ibérica, ss.XVIII-XX*, vol.II, Barcelona: Crítica.

MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1995): "Un indicador indirecto de la producción ganadera española: el consumo de productos cárnicos, 1865-1934. Fuentes, metodología y limitaciones", Comunicación inédita presentada no VII Congreso de Historia Agraria, Baeza.

NADAL, J. (1975): *El fracaso de la Revolución industrial en España*, Barcelona: Ariel.

O'BRIEN, P.K. & TONIOLO, G. (1991): "The poverty of Italy and the backwardness of its agriculture before 1914" in OVERTON & CAMPBELL (eds): *Land, Labour and Livestock*, Manchester: University Press.

PALAFIX GAMIR, J. (1986): "Comercio exterior y vía nacionalista. Algunas consideraciones" in GARCÍA DELGADO (ed): *La crisis de la Restauración. España entre la primera guerra mundial y la II República*, Madrid: S.XXI.

PALAFIX GAMIR, J. (1991): "Atraso agrario y modernización económica (1874-1931)" in GARCÍA DELGADO (ed): *España entre dos siglos (1875-1931). Continuidad y cambio*, Madrid: S.XXI.

PINILLA NAVARRO, V. (1995): "Cambio agrario y comercio exterior en la España contemporánea"; *Agricultura y Sociedad*, n175.

PRADOS DE LA ESCOSURA, L. (1988): *De imperio a nación. Crecimiento y atraso económico en España*, Madrid: Alianza.

PUENTE FERNÁNDEZ, L. de la (1992): *Transformaciones Agrarias en Cantabria, 1860-1930*, Cantabria: Universidad.

REY REGUILLO, F. del (1992): *Propietarios y patronos. La política de las organizaciones económicas en la España de la Restauración (1914-1923)*, Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.

ROSENDE, A.M. (1988): *O agrarismo na comarca do Ortegá (1893-1936)*, Sada: Eds. do Castro.

SÁNCHEZ-ALBORNOZ, N. (1968): *España hace un siglo: una economía dual*, Barcelona: Península.

SANTOS JULIÁ (1992): "En los orígenes del gran Madrid" in GARCÍA DELGADO (ed): *Las ciudades en la modernización de España. Los decenios interseculares*, Madrid: S.XXI.

SANZ FERNÁNDEZ, J. (1985): "La crisis triguera finisecular: los últimos años" in GARCÍA DELGADO (ed): *La España de la Restauración. Política, economía, legislación y cultura*, Madrid: S.XXI.

SERRANO SANZ, J.M. (1986): "La política arancelaria española al término de la primera guerra mundial: proteccionismo, arancel Cambó y tratados comerciales" in GARCÍA DELGADO (ed): *La crisis de la Restauración. España entre la primera guerra mundial y la II República*, Madrid: S.XXI.

SERRANO SANZ, J.M. (1987): *El viraje proteccionista en la Restauración. La política comercial española, 1875-1895*, Madrid: S.XXI.

SERRANO SANZ, J.M. (1989): "El proteccionismo y el desarrollo económico en la Restauración. Reflexiones para un debate", *Revista de Historia Económica*, año VII, n11.

TAYLOR, D. (1976): "The English Dairy Industry, 1860-1930", *The Economic History Review*, vol. XXIX, n14.

TORTELLA CASARES, G. (1981): "La economía española, 1830-1900" in TUÑÓN DE LARA (ed): *Revolución burguesa, oligarquía y constitucionalismo (1834-1923)*, Barcelona: Lábor.

TORTELLA CASARES, G. (1985): "La economía española a finales del s.XIX y principios del s.XX" in GARCÍA DELGADO (ed): *La España de la Restauración: política, economía, legislación y cultura*, Madrid: S.XXI.

VIDAL OLIVARES, J. (1990): "El transporte de ganados a través del ferrocarril: un indicador de la modernización agraria en el País Valenciano, 1850-1914", *Áreas*, n112.

VILLARES PAZ, R. (1978-80): "Transformacións técnicas da agricultura e comercialización do gado bovino. Galicia 1900-1936", *Cuadernos do Seminario de Estudos galegos*.

VILLARES PAZ, R. (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid: s.XXI.

ZAPATA BLANCO, S. (1986): *La producción agraria de Extremadura y Andalucía Occidental, 1875-1935*, Tese doutoral (inérita), Departamento de Historia Económica, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales, Universidad Complutense, Madrid.